

O sentimento liberal na Galiza

Discurso lido o día 24 de xullo
de 1934 no acto da súa recepción,
polo excelentísimo señor don
Antón Villar Ponte
e resposta do excelentísimo señor don
Ramón Otero Pedrayo



REAL ACADEMIA GALEGA



O solemne acto académico no que foron
lidos os dous discursos recolleitos no
presente volume celebrouse o 24 de xullo
de 1934 no Salón de Actos do
Pazo municipal da Coruña

Edita
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2014

Deseño da colección
Grupo Revisión Deseño

O sentimento liberal na Galiza



Caricatura de Antón Villar Ponte por Castelao, 1919.
Real Academia Galega.

O sentimento liberal na Galiza



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2014

O discurso de ingreso de Antón Villar Ponte e a resposta de Ramón Otero Pedrayo publicáronse por primeira vez en 1977, con limiar de Sebastián Martínez-Risco. No colofón desa edición recóllese:

“Este discurso de ingreso de don Antonio Villar Ponte na Real Academia Galega e de resposta de don Ramón Otero Pedrayo, rematáronse de imprimir nos talleres tipográficos da Editorial Moret, da Cruña, o 16 de maio de 1977, véspera do “Día das Letras Galegas”, costeando xenerosamente a publicación de ambos traballos o Excmo. Concello de Viveiro, pobo natal do recipiendario”.

Esta edición dixital realizouse co gallo do 80 aniversario do ingreso de Antón Villar Ponte na Real Academia Galega.

Limiar

Sebastián Martínez Risco



ANTON VILLAR PONTE

A persoalidade do insine viveirense Antón Villar Ponte, pola afervoadada galeguidade da súa vida e da súa obra tiña reservado, de seu, posto de honra na nómina das que dende fai tres lustros, e cada un ano, veñen presidindo ou son merecentes de presidir como padróns maiores a celebración xubilard do “Día das Letras Galegas”. Cando no ano 1948 o egrexio Castela, no discurso *Alba de Goria*, que pronunciou na Arxentina en conmemoración do “Día de Galicia”, evocou unha longa teoría de “bultos” dunha Santa Compañía formada de inmorrentes persoaxes galegos, contaba, sen dúbida, entre iles ao irmán no amor á Terra –tan vencellado a seu propio pensamento na identificación e tratamento dos problemas de Galicia– que unha década denantes tiña rendido a súa vida en teimosa loita pola redención e o porvir do país galego. No pensamento de Castela estaba, fixamente, daquela o recordo de Antón Villar Ponte. Como hoxe o está no da Real Academia Galega que por xeral acordo desinou para exercer o padroádego da sinalada manifestación literaria que ven facendo avivecer, con dimensións ecuménicas, o amor a Galicia, o interés polos valores da súa cultura e o sentimento de afirmación da súa xenuina persoalidade.

Adoita calificarse, ou cando menos ponderar, a Antón Villar Ponte como xornalista. A atribución, en principio, é tan honrosa como certa. Il mesmo tena aceptado con orgulo. Mais a certidume disa condición é relativa si, afondando nela, se atende ao grado e á medida do seu exercicio e, sobor de todo, a súa dirección teleolóxica, que para nós define e cuantifica toda a súa obra. Nos seus traballos de dirección de xornáis e nas súas colaboracións xornalísticas conxúganse sempre o seu amor a Galicia e a intención, mais ben o feito, de traballar polo recoñecemento da súa persoalidade. Recórdese que ten confesado con énfasis no traballo *Una entrevistó conmigo mismo*: “¿Mi mayor obsesión? Galicia. Desde hace diez años pudiera afirmarse que ni un solo día apenas dejé

de escribir algo que con temas gallegos no se relacionase. Y obras son amores”. Na obra de Antón Villar Ponte trasparece, pois, a nidia aitividade de escritor inspirado de proselitismo galeguista. Así cabe considerar, ao noso xuicio, ise aspecto da súa rexa personalidade.


O espectro da súa temática, nisa unívoca direición finalista, ofrece unha ricaz variedade no tratamento de aspectos e problemas atinxentes ao país galego, da que pode outerse esencial información no libro antolóxico *Pensamento e Sementeira* que, prestando un impagábel servizo máis a nosa terra, publicóu no ano 1971 o “Centro Gallego de Buenos Aires” por medio da súa entidade filial “Instituto Argentino de Cultura Gallega”, e que leva un escrarecedor e denso limiar do escritor e Académico Francisco Fernández del Riego. Nise libro rexistranse, enovelados co fío dun afervoadado alento patriótico, traballos políticos, doutrinais e polémicos, á beira de estudos biográficos e históricos e de glosas literarias e artísticas: o galeguismo e a galeguidade; a autonomía de Galicia, a personalidade rexional e o nazionalismo; o ruralismo, o caciquismo,alcontran nil certos xuicios e ardenciosos comentarios.

Empreso, os problemas que máis a cotío e máis demoradamente detiveron o seu pensamento, movérono á acción e incidiron na súa pluma, foron os atinxentes á autonomía de Galicia e ao idioma galego. Verbo do primeiro diles, a través do libro *Nacionalismo Galego* e de outros traballos afíns aos que deixamos feita alusión, anovou e arrequeceu a doutrina finsecular do rexionalismo político, callada no sonado libro de Brañas; podendo sosterse que foi un dos que defenderon e mantiveron a tésis de que a conceución do autogoberno de Galicia partindo da idea rexional, debía se afirmar nunha realidade máis nidia e xusta de base nacional. En canto ao segundo, centrando as arelas de redención cultural e política do pobo galego no corazón –por así decir– do seu idioma, falado –según aducíu– polas cinco sextas partes do país, desenrolóu unha dobre aitividade: achegando o seu esforzo á organización das “Irmandades da Fala”, das que foi o verdadeiro creador, e acometendo o estudo de aspectos táis como o renacemento da lingua galega, a identidade sustancial dos idiomas galego e portugués, o bilingüismo, o galego na escola, o galego na liturxia; co que se adiantóu ao planteamento e discusión de algúns problemas lingüísticos que, sin deixar hoxe enteiramente de selo, alcóntranse por sorte en camiño de solución. Chegados eiquí, ollada de xeito xeral e sumario a obra de Antón Villar Ponte, ven a nosa memoria unha figura cuio nome debe ir ao de il avencellado pola comunidade de ideas e de esforzos que os xunguía de por vida na procura do rexurdir espiritual de Galicia: o nome de Ramón Villar Ponte, seu irmán de sangue e de sentimentos, tamén inesquecente viveirense.

Na súa fasquía persoal locían unha aberta simpatía, unha probidade tinguida de saudable apaixonamento e unha capacidade de comunicación social que contribuíron a facer díl un dos adalides do rexurdir dos valores autóctonos de Galicia, operado na segunda década deste século. Á beira distas cualidades, decoraban o seu carácter a nobreza e a xenerosidade. Mostra destes sentimentos de una –por poñer un exemplo de *res académica*– no artigo que adicou no xornal “El Sol”, de Madrid, en louvanza e celebración do feito de que asumisen a galegitude *Dos astorganos de nacimiento y gallegos de corazón*: Andrés Martínez Salazar e Marcelo Macías, membros, coma íl, da nosa Academia.

Seguindo a tradición de publicar en homenaxe ao tidiar do “Día das Letras Galegas” unha mostra antolóxica da súa obra, a Xunta de Goberno da Real Academia Galega, certa de interpretar neste punto o parecer do Pleno da Corporación, elixiu para ise fin o texto do discurso de ingreso de Antón Villar Ponte na propia Academia, que versou sobre *O sentimento liberal na Galiza* e que vai inserto a continuación, por consideralo peza sinificativa do seu pensamento no conxunto da súa produción. Trata nil un interesante aspecto da caracterización sociolóxica de Galicia: o seu xorne liberal, destacado dun fondo histórico de persoalidades esgrevias e institucións demográficas enxebres, que poñen de manifesto, comprobando e acretando o raigame disa condición do noso xenio popular. Fermoso traballo envolvemento nunha limpa e precisa prosa galega, encerra e da a coñecer en erudita revisión o pasado democrático de Galicia; e, por isto mesmo, axústase fielmente aos cánones temáticos da Corporación, malia a prudente salvedade que, coidando poidese pensarse o contrario, fixo o autor ao comenzalo. Tras do seguro disfruíto de tan notabre peza oratoria agarda aínda ao lector o que ten de lle deparar o texto da resposta afervorada e celmosa que a ela deu o insigne Académico Ramón Otero Pedrayo, e que tamén se reproduce.

Oportuno e xusto será tragar agora a capítulo as seguintes palabras de entre as que o propio Antón Villar Ponte adicou a glosar nun seu artigo un libro póstumo de Xohan Vicente Viqueira: “Cuando Galicia –escribíu–, en una exaltación generosa, se disponga a hacer el inventario de sus hijos más excelsos, no podrá menos de volver los ojos hacia los que en la época de la gran guerra sintieron el imperativo categórico de la galleguidad...” Pois ben; a Real Academia Galega, que mediante a institución do “Día das Letras Galegas” ven facendo xa virtualmente ise inventario avaliador que preveu Antón Villar Ponte, cumprindo a súa xustísima predicción e valéndose das súas mesmas palabras, “volve hoxe deica íl os ollos” como membro da xeneración a que aludía, e califícao como un “dos seus fillos máis excelsos”, ao facerlle entrega simbólica do ramo de maordomía da Festa Maior Literaria de Galicia.



E poñamos a istas sinxelas líñas, como lírico remate, a coroa elexíaca que un gran poeta noso, tamén Académico, Aquilino Iglesia Alvariño, lle adicara:

ANTON VILLAR PONTE

Ribeira de outos bidos enramada
en arela de ríos e de pontes,
floríu auga de sono en ermas fontes
para os ledos muiños da alborada.

Aceña de saudades! Outa escada
levantaras de alaudas sobre os montes
para salvar a dôr dos horizontes
i-enchelos de vieiros de rosada.

Agora xa es herbiña e flor de liño.
De verdade ribeira de espadanas.
Nós, illa enredomada que ela encerra.

Tecéi, tecéi agora paseniño
a súa tea de sonos, tecelanas,
que é o branco veo de noiva da súa Terra.

EPIGRAMMA

Cando tódolos anos madurezán
nas pereiras do tempo,
inda as súas tres almas, cheas de son.
Tres outas margaridas
no vento antigo, como bronce ou mármore.

Tamén iste ano de gracia do 1977 madurece a espiritual lembranza de Antón Villar Ponte, coma celmoso froito do árbore cultural de Galicia, para gloria súa e da nosa Terra.

SEBASTIAN MARTINEZ RISCO
Presidente da Real Academia Galega


Discurso do excelentísimo señor don
Antón Villar Ponte



Señores académicos:

Somentes o voso amor a terra na que fumos nados puido traguerme a iste posto para premiar en min o único merecemento que poseio: o dunha fonda devoción pola Galiza e o dunha constancia nista devoción que anda a se reflexar fai moitos anos, desde o raciocinio alumeóu o meu cerebro, en todo canto escribo, que non é pouco abofé. O loureiro co que agora pagades aquela devoción e aquela circunstancia, a fin de que se non murche o cinguir as miñas sens aburadas pola febre do santo ideal en que comungan “os bós e xenerosos”, regareino a cotío co sangue do meu corazón, paxariño tolo que quixera trocarse hoxe nun melro madrugador, xentil, xovial e lucidío, como o do poema que Guerra Junqueiro, nemigo da escravitude e fero amante da libertade, para engaiolar os vosos ouvidos en senso de agradecimento con un novelo de meigos asubíos acugulados de esencia de amanecer, de risadas cristaíñas de alborada, de frescura de pingotas de orvallo, que son auga, ceo e lus, según Teixeira Pascoaes, pero que non pasan –tal coida a miña cativeza– de arrechonchíos monótonos dun humildeo pardal cuia só virtude é –ben o sabedes– se non afacer ós ferros das cárceres nin as limitacións das gaiolas.

Ao me elixíredes para ocupar un escano no voso templo, onde a inmortalidade loita sen trégoas co esquencimento coroada de violetas de Académicos e levando a carón seu os mouchos simbólicos da sabencia e o fungador voo das abellas helénicas deitadoras do mel hifmeto da beleza, fixéchedme un honor outísimo. Máis iste honor alóngase aínda e se troca nalgo insuperábel polo feito de nos presidir o patriarca Lugrís Freire e de que o escano que a vosa benevolencia quixo ofrecerme é nada menos –pobre de min– quen en vida ocupóu aquel *bonusvir*, aquel sabio esgrevio patriano, aquel serenísimo pastor de almas de Cristo, puro e sin lixos, que co diamante das suas virtudes deixou grabado para *in eternum* no cristal da nosa Historia o seu nome cheio de lus e que agora nos escoita coa doce sorriso nos labios dende a verdadeira Gloria,



dende o seo azul do infinito acougo, quizáis saudoso das brétemas atlánticas como nos escoitara sempre na terra. ¿Perciso decirvos que falo de D. Manoel Lago González, do doce tudense da meiga sorriso?

Eu non atino a definir o noso académico e o noso arcebispo, que a morte levounos en hora ruín, de outro xeito millor. ¿Era outo ou pequeno? ¿Groso ou magro? ¿De faciana perfecta ou imperfecta? ¿De andares maxestosos ou torpes? Xa me teño esquencido da súa figura corpoal. Só lembro e lembraréi sempre a D. Manoel Lago González –que ista impresión imborrábel deixou no meu espírito– como unha doce e meiga sorriso diferente de tódalas sorrisas coñecidas, alumeando un rostro ledto refrexador de bondade ás cheas que se metía no fondal do peito mainamente o mesmo que o fulvo místico da lúa nas manseliñas augas das lagoas. Aquela doce e meiga sorriso –toda a ialma trocada en branca volvoreta– era a espresión do xusto, quere se dicir, do home que sintíu trunfante dentro de sí, na loita entre a besta das paixoes humás e o anxo das diviñas arelas que en cada mortal ten campo –facéndonos lembrar dos fillos de Rebeca no ventre da súa nai– o anxo por riba de todo. Que somentes se pode chegar ó conqurimento dunha sorriso melancólicamente leda, como a de Lago González, supoñedora da maor serenidade da ialma, porque dista igualmente da gargallada e do pranto –achándose tan lonxe de Heráclito como de Demócrito– sendo belida flor vizosa da única nobreza que perdurará sempre, despóis dunha estreita autodisciplina interior e dun cultivo do espírito, mediante o estudo, os froitos que perduran do arbore da ciencia. Entón é cando compréndese todo e todo se perdoa. Entón é canto xurde o home superior, o verdadeiro superhome, que para min ten o seu arquetipo en Francisco de Asís e non en Zaratustra. No místico panteísmo do primeiro que o levaba a fraternizar con todo –persoas, animaes e cousas– hai maor grandeza que na parábola do segundo, naquela do carbón e o diamante onde se aconsella que o irmán forte asoballe o deble, divinizando o dereito da forza e negando a forza do dereito, como se non soupéramos que a nazarena sorriso de Xesús Nazareno trunfóu ó longo dos séculos da labazada do saión román. ¡Eterna vitoria da idea sobor do músculo!


Xa temos dito, embora, que Lago González foi membro esgrevio da única aristocracia inmorrente: a dos homes de fonda intelixencia e de nobre corazón que saben convertiren o coñecimento en virtude e o sentimento en fontenla de consolos para os que esligan coa sede de xustiza. E como nado na Galiza, naquel risoño paradiso de Tui, onde dende neno firen os seus ollos perennemente cal un aldraxe o seu propio ser, o seu *ego ipsimus*, unha fronteira artificiosa ergueita por erros históricos entre dúas ribeiras irmás dun río só galego –por-

que en terra galega nasce e morre en terra galega– pensou o mesmo que o Cid que alguén lle roubara anacos da paisaxe patria, e coa saudade dun pretérito glorioso na ialma –brétema nupcial de orixes– soñaba arreo no perciso da súa reconquista espritoal unicamente posíbel polo trunfo dun rexionalismo integralizador cuio vencello máis forte que tódalas murallas e castelos fose a lingua común de entrambas bandas. Así viviu tan en galego e morreu en recendo de galeguidade. Así foi poeta enxebre que na adolescencia escribira un sinxelo poema louvando ó maniño mártir de Tui San Paio, disgraciadamente inédito e seique perdido, e logo ofrecéunos cántigas tan belas como a “Alborada” e “O derradeiro celta”, entre outras de verdadeiro celme relixioso que recolleran nun miudo folleto os socios do Seminario de Estudos Galegos, de Compostela. Así recibírono cos brazos abertos e o corazón a latexar, cheo de ledicia, tódolos bós e xenerosos da nosa Terra, cando despois de ter sido Bispo de Tui e doutra diocese allea veu ocupalo arcebispado compostelán. Cumpriuse daquela a profecía feita por Cabanillas no romance “As pombas do perdón”, onde pinta ó gran Xelmírez acariñando a testa suorosa do cabaleiro penitente Gaíferos de Montalbán, para lle augurar que pasados sete séculos,

Seu báculo sostera
quen fillo da mesma terra
ten que amala como nai.

Tal era o prelado galego que, tras longos anos de se ver a mitra da archidiocese xacobeana sin cinguir máis que testas de arcebispos alleos, ía continuas gloriosas tradicións dos Xelmírez e os Raxoi, añudándoas con fíos de ouro. Tal era o agardado, o necesario. E a Galiza enteira –creentes e non creentes– reloucou de xúbilo gozándose da boa nova. Pero isto tivo pouca duración. A fatalidade botou no seo da morte –lámpada azul asolagada na neve– ó venerábel Lago González, o arcebispo enxebre co que todos fóramos a soñar, decotando cantos patrióticos proieutos que él levaba afervoados nos miolos.

Emporiso si a súa vida foi exemprar, a súa morte foi máis edificante aínda para Galicia. Na hora solene do pasamento lembrounos ó cisne da lenda que se finara cantando. Aquela alma branca, como a do mesmo cisne, acugulada de virtudes, ategada de recendos de santidade, chea de amor á terra onde tivo nacemento, deitou polos labios murchos do seu corpo doente que xa ía a se xiar pra sempre, no instante único en que ninguén minte, coa derradeira doce e meiga sorriso neles, istas verbas inmortaes: “Hoxe máis que nunca é perciso que os galegos se estreiten para salvaren a súa patria”.



Eu non sei dun homaxe máis axeitado ante a lembranza diste *bel morir*, que o que fixen escribindo as coartelas que agora vos leio. Gardar unhos segundos de silencio para encheiros con louvores íntimos i emocionados, verdadeira oración sin palabras que o fermoso solpor da vida do inmenso patriano Lago González inspira.

Quen viviu pensando na Galiza e morréu co nome da Galiza na mística flor dos seus labios, cuio cerne era a máis doce sorrisa cristiá coñecida, laiándose de non poder servila como él quixera dende o solio dos Xelmírez e os Raxoi no que apousou tan pouco tempo, ben merecía señores académicos que vos honráchedes coa su compañía, máis que ista probe gabanza saída dun corazón todo galego que anda a tremelar como o pardal encarceado buscando a cántiga do sentimento que non atopa é que remata por se finar nun sinxelo e triste pío. ¡Qué volvoreta da sua sorrisa inesquencente sexa o esprito santo alumeador dos nosos xuntoiros! Porque o nome de Lago González é un nome inmortal; e aquela sorrisa sua a do perfeito académico douto en linguas i en discipriñas humanistas, coñecedor de tódalas cousas da vida, xa de volta de eles, e polo mesmo, paternal, tolerante, comprensivo, bó. Lago González pensou como San Agustino que “o sublime non está fora, na natureza, en col do sumo das montañas, senón dentro de nós mesmos, no ápice do noso esprito, máis outo que as outuras das montañas da terra”. (Lembrede que no latín a palabra *altus* espresa igoalmente outura que a profundidade). E por iso foi cumio acochado en neves perpetuas. Para Lago González moi devoto do agro e da cultura agrícola na que chegou a ser mestre, o mesmo que en ciencias naturaes –a él se lle debe o descubrimento nas orelas do Miño dun novo exemplar da flora, especie das narcisáceas, que o botánico P. Merino ten bautizado en lembranza sua co nome de *Narcisus lagoi*–; para Lago González, digo, como para os devanceiros dos Crasos “o campo era a virtude que fai posíbel a felicidade dun pobo; o xacimiento ou berce de tódalas virtudes cidadáns”. El, como Witiza, de ter sido rei, trocaría as armas das loitas fraticidas en aparellos de labranza, xa que o mesmo que Cincinato guiou o arado, e o mesmo que Diocleciano sementou coles moitas veces no seu horto patrimonial de Tui, onde quizáis nalgún instante de luar soñara con escribir un novo “Menosprecio da Corte e eloxio da aldeia” como o que o P. Guevara concebira en Mondoñedo. El amaba ó labrego, poñéndoo no seu corazón máis outo que ó guerreiro, porque coa sua pobreza construíe un fogar de bondade; mantén o gando, a muller e mailos fillos; roe a pel estéril da terra e cultivándoa cultiva a virtude, proclama a lei da fecundidade e o traballo de seu que ten por ara a lareira patriarcal santificada polo fume xeneroso dos sacrificios. Que todo pode esquencer o home agás a época de sementeira do

pan. E así ben di o poeta indio: “A sociedade subsistirá sin merceiros, sin curi-aes, sin médicos, abogados, militares e cregos; pero sin labregos, non”.

Pois polo que fica espoto e pola Biblioteca que deixou Lago González adquirida para a Universidade galega é doado orientare respecto ás aficións e gostos do noso egrexio devanceiro na cadeira académica, ante cuia lembranza meu esprito pousa de xionllos. Canda min traio un autógrafo, unha carta en galego de Lago González, que me escribú no ano 17, na que me di: “Con vostedes traballo o que podo no meu canto, pola fala bendita das *Cantigas de Santa María* e dos *Cancioneiros*. Galego de corazón e nacimiento saúdo ós bós galegos da *Irmandade*”. Entón era Bispo de Tui. Cando veu pór a primeira pedra do Sanatorio de Cesuras, tráis me preguntar cómo se chamaban os meus fillos, díxome: “Se ten outro, debe chamarlle Paio, que é un nome moi galego”.

Non puíden compracer a aquel bó pastor cristián. Pero fago púbrico o consello –que envolve unha curiosa anécdota– para si algún galeguista en vísperas de ser pai me escoita, o siga como homaxe de lembranza o noso esgrevio académico.


O SENTIMENTO LIBERAL NA GALIZA

Don Miguel de Unamuno no seu fermoso libro sobre a nosa terra e a terra portuguesa¹, di que a Galiza ten un alma liberal, e inda que somellante conceito do ilustre pensador vasco abrangue un xeito menos coutado do que eu propóño desfiañar neste humilde ensaio, desexo emporiso que serva de cabeceira temática do mesmo.

Non faltará, se cadra, quen pense o tropezar co tema devandito que el é impropio para traguido o seu dunha corporación como a que hoxe ábreme magnánima as suas portas onde todo partidismo e todo apaixoamento teñen de se deixaren fora, da mesma maneira que o musulmán, respondendo a un imperativo litúrxico, deixa as sandalias no limiar da mezquita.

Pero, polo si ou polo non, hei decir antes de nada, saíndo ó camiño de taes suspicacias, que coído lícito falar do que vou a falarvos sempre que o faga no terreo dunha pura obxetividade, enguedellando feitos e nomes representativos

1 “Por Tierras de España y Portugal”.



ó longo do meu ensaio para que eles dían de si a imaxe do real coa fidelidade con que dá o curso avalante do río o retrato invertido as arbres que se erguen beira sua.

Paseiando eu o antergo espello sthendaliano polos vieiros da Historia galega vin sempre refrexarse na sua lúa un sentimento liberal característico da nosa terra e consustancializado con ela, que quero mostrarvos honradamente para que outros máis doutos confírmeno, si é posibre, e outros rebáteno tamén, de me coidaren trabucado. Dou unha tese alumeadora dun fenómeno social do país galego, agardando, cheio de tolerancia, a antítese que cadre opoñerlle polos máis sabidos que eu en cousas como ista. Que si xurde ha de ser en todo caso froitífera para a nosa cultura.

Teréi que recuar moito máis aló dos tempos de Maricastaña, daquela rexa muller que cando reinaba Enrique III foi cabezaleira dun partido popular que se erguéu en Lugo contra dos trabucos que impoñían abusivamente nobres e bispos, para vos ofrecer algunhas probas nas que arelo chantar os esteos da miña tese de hoxe.

Eu non sei si o esprito celta, que levaban os nosos antergos a se xuntaren en asambleas populares nos boscos, puido ser a causa de que xermolara ó longo da historia un senso democrático ben acusado no seo do país galego. Mais Terry afirma, de acordo con outros historiadores, que o réxime de democracia que debe ser consustancial co esprito de libertade foi característica peculiar da nosa terra. Porque eran liberaes as doutrinas do herexe Prisciliano, o derradeiro druída, como lle chamóu Murguía, impuxéronse aquelas na Galiza. E si, según afirma Menéndez Pelayo², eisiste unha filosofía panteísta hespañola “resuelta y clara” que vai dende Prisciliano até Bieito Spinoza, ista filosofía pola que temos que voltar, é de oriundez galega.

O priscilianismo, maniqueísta no seu orixe e nas liñas esenciaes da sua doutrina, logo trócase nunha relixión naturista, ateigada de filosofía druídica, de esvaídas remanencias védicas, a se diluíren nun ambiente de fraternidade, sinxeleza e armonía. Como dixo Cotarelo e Valledor é, nunha palabra, un gnosticismo celto-galaico, un sincretismo inconsciente e connatural co esprito da nosa terra e su *genius loci* da mesma. Prisciliano entre os celto-galaicos, como Pelaxio entre os gaélicos, representaba a tradición celtista nunha das suas idiopatías mentaes. E asín como o pelaxianismo negando a gracia, foi o precursor do racionalismo e a revelación do instinto individuoalista da raza, o priscilianismo foi devanceiro en moitos séculos do luteranismo; quere se decir, da Reforma

2 “Los heterodoxos españoles”.


e do libre eisamen³. Concedeulles ás mulleres o mesmo dereito que ós homes para interpretaren os Libros Sagrados e as Sagradas Escrituras, sinalando unha crara tendenza feminista. Por iso seguírono moitas; por iso quizáis hoxe o Protestantismo –feito ollado con estraneza– logra conquistar algunhos prosélitos alcesos entre mulleres do noso pobo e mariñeiros das nosas rías, todos e todas da cras homilde, para que nos decatemos tal vez de que eles, tan perto da natureza, son un eterno motivo da moderna teoría da herencia psicolóxica que moi ben se axeita coa antiga idea de preesistencia; verdadeiras “crisálidas do infinito” criadoras de innumerabels vidas anteriores a probaren que o mundo non ven sendo máis que un feixe de fenómenos solidarios que se renovan continuamente e que lembran que na máis miuda célula áchase acugulada a vida da raza, a suma de sensacións percibidas ó longo de milleiros de anos. Algo que nos fai lembrar de súpeto a “saudade” do eterno retorno de que nos falara o tolo Nietzsche. Sentir os orixes e sentir a futuridade.

Pero non poderemos seguir paseniño a esculca de todos cantos feitos rexistra a nosa historia relacionados co que interesa á tese que encetamos hoxe, pois daquela en troques dun curto discurso veríamonos na obriga de escribir un longo libro.

Abóndanos de momento con lembrar que a Galiza –según testimonios de López Ferreiro, Martínez Sueiro e Murguía– acolle agarimosa e leda o establecemento do Concello, cuio orixe remóntase á época romana, por consideralo baluarte das liberdades públicas e unha defensa do pobo contra dos asoballamentos dos nobres e bispos, tal que un verdadeiro xermolo de fecundo senso cívico. Dende o século X en que se funda o sistema de concellalía, que tivo o primeiro órgano en Santiago, até o XII, noso século de ouro, déronse probas a feito polo “estado llano” galego do seu amor á liberdade. O nome de Concello é unha modificación do de *Concilio* dado nos comenzos da Reconquista ás assembleas políticas, logo chamadas Cortes e ás xuntas de veciños das vilas encargadas de administraren. Tan democrático aboengo teñen os nosos municipios hoxe reducidos, por mor do centralismo abafante que nos magoa dende os tempos dos Reis Católicos, a simpres oficiñas do fisco e a vergoñosos niños de servil caciquería.

Non esquezamos, pois, nista hora constructiva que a parroquia galega nosa entidade natural é a herdeira directa do clan celta. O clan era a tribu en xuntoiro de familias gobernadas polos vellos petrucios. Asentábanse en sub-

3 Véxase López Ferreiro no seu estudo sobre Prisciliano. Menéndez Pelayo nos “Heterodoxos”, Bonilla Sanmartín na “Historia da Filosofía” e Portela Valladares no libro “Ante el Estatuto”.



comarcas ben delimitadas, cando no val, cando ás beiras dun río ou na orela dun camiño. A xuntanza dos clans formaba as comarcas actuaes, as mesmas que hoxe existen e que conservou íntegramente a Eirexa con nomes latinos, adulteración dos antigos celtas.

Perduran os arciprestazgos de Postmarcos (Pistomarcos), Moritaos (Montanos), Bizancos (Bidancos), Labacengos (Lapaciengos), Dubra, Nemancos, Céltigos, etc., correspondentes á terra de Noia, Ordes, Ría de Ares, montaña de Moeche, terra de Corcubión...

No reinado do rei suevo Teodomiro tivo xuntanza o concilio de Lugo, ano 569, onde tratouse, principalmente, da fixación das rexións, terras ou arciprestazgos da Sede Iriense. López Ferreiro fala dun tumbo da Eirexa compostelán do século IX, no que sinálanse tódolos seus arciprestazgos conformes coa división actual.

Voltando á parroquia diréi que nos primeiros séculos da Eirexa –do I ó IV– esta aceptou a división dos clanatos celtas⁴.

Tódalas parroquias galegas responden a istas tres advocacións: 1^a. Á do Divino Salvador, Santos Apóstoles ou proto-mártires do cristianismo. 2^a. Á dos Santos Mártires das persecucións romanas, ata ó século IV. 3^a. Á das advocacións da Virxe.

As primeiras son: San Andrés, San Pedro, San Mateo, Santiago tan común na nosa terra. As segundas San Torcuato, San Mamed, San Campio, San Tirso, San Xulián, todos anteriores a paz de Constantino. As Santas Marías son do século VI no que o culto mariano espallouse grandemente.

Non hai unha parroquia en Galiza baixo a advocación de Santo Domingo, San Francisco ou San Antonio. Cenobios e hermidas son cousa aparte. Todas teñen a nobre executoria da adaptación do apostolado ó druísmo, de tal maneira que moitas veces érguese o templo a carón da pedra dos sacrificios cando non nunha necrópolis ou castro celta.

A tribu ou clan tiña por capitalidade o castro, axeitado para vixilancia, para campamento atrincheirado e para lugar de festas. Á sua soma ficaba toda a zona de cultivo e de gando. Á pe do castro, cando no castro mesmo foi erguida a eirexa que domina a subcomarca. E hai parroquias estabrecidas no noso país nas que inda hoxe obsérvase a zona de influencia do castro sin engadirilles nin levarlles un ferrado máis ou menos de terra. O réxime do clan era patriarcal,

4 Véxase a “Historia de la Iglesia Compostela” de López Ferreiro.


cunha especie de colectivismo para satisfacer as necesidades do labradorío e facer préstamos de pan, fariña, etc. O concello que se fixo no castro ou á soma dun arbore foi descendendo ó adro da Eirexa onde Galiza exercía as súas liberdades, seguindo a tradición e o costume, sin notarios, escribanos nin leguleiros de ningunha cras, sin que se escribise nada, redimida das complicacións absurdas da burocracia enguedelladora.

Iste estado de cousas perdurou ata o ano 1833, ben que mal, con algunhas alteracións, impoñéndosenos daquela o artificioso municipio de hoxe vixente, orixe de tódalas disgracias da nosa terra; porque o absolutismo dos Reis Católicos fixo dos alcaldes xefes de xurisdición, a xeito de intermediarios entre o municipio actual e o arciprestazgo. Por iso na célula da parroquia tódolos galegos atentos á realidade teñan que ver o cerne da nosa democracia autóctona, que poderes estranos fixéronnos perder⁵.

Non foi, por outra parte, esceicional na nosa historia o alzamento dos irmandiños. Denantes de que estes xurdiran, aló polo ano 773, houbo unha seria revolta dos colonos galegos co fin de se redimiren da bárbara tiranía que os abafaba. Di Murguía que semellante revolta ten sido a primeira de tal cras que se coñece no Ocidente de Europa. Reinaba daquela Aurelio que, según o P. Mariana, tivo que sofocar unha verdadeira guerra civil que alcenderon os nosos escravos desexosos de liberdade, como xa tivera que sofocar Fruela, seu antecesor, outro alzamento dos mesmos galegos contra o xugo astur, ó que compre

5 Cando se publicou na “Gaceta” de Madrí o decreto creando os municipios actuaes, labregos de San Saturniño, a maoría de eles entón analfabetos, andaban tolos porque non sabían como poderíanse constituir en concello novo, según ordeaba a lei. Chegou de aquela á comarca xa nomeada un vagamundo pasego e o decatarse da preocupación dos labregos díxolles que él, si querían, daríalle forma debida a o Axuntamento. Acataron todos a oferta, o pasego constituíu a entidade local e nomeado segredario da mesma. Logo establecéu unha taberna coa que fixo moitos cartos. ¿Non é iste o símbolo máis craro da absurda eisótica e antinatural orgaización municipalista do rus galego? Aquel pasego foi o primeiro arquetipo de caciquismo da nosa terra.

O ano de instaurar dito réxime municipal e provincial (concebido nás Cortes de 1832, non chegou a implantárese ata o 1833 e entón inda de modo inconcreto, tendo callamento pleno en Cea Bermúdez en 1845) ergueuse contra de el Galiza sufrindo a tráxica pena de Carral. Aló na lei do 1870, obra do Goberno provisional nado da Revolución, latexa un sentimento rexionalista, que algo habería de compretar a Constitución federal do 73. Pero despois a monarquía voltou de novo a impór o férreo centralismo que hoxe aínda priva coa nemiga do espírito revolucionario do 14 de abril de 1931, que levóu a nova Carta do Estado hespañol as autonomías rexionales. Así monárquico e bó galego siguen parecendo termos antagónicos. Eramos unha nación de compreteta personalidade –di Murguía– e esgazóusenos como a túnica de Cristo en catro provincias e dende entón xa non se nos coñece polo Estado central co nome de Galiza. *Oficialmente*, Galiza morréu daquela.



engadir entre varios máis, aquel capitaneado por Maricastaña, do que falabamos xa denantes. E iste instinto de defensa da dignidade humán, que escoa ó longo da nosa historia, como un vivo presentimento de democracia na entrana do pobo galego, lonxe da cultura e polo mesmo como froito dunha natural espontaneidade e o mesmo celme biolóxico da raza, hoxe a latexar de novo nos tanteos do agrarismo e do galeguismo.

Compre pois repetilo: foron os campesiños da nosa terra os primeiros do Oucidente de Europa que loitaron pola sua dinificación, non unha vez, senón moitas, nos tempos antigos, ata se constituir a unidade peninsuar –subraiemos ben o feito– ou sexa ata o preciso instante do esnaquizamento das fontes cristaiñas da libre espontaneidade racial, obra dos Reis Católicos, logo continuada en cinco séculos de centralización abraiadora que trouxo a pos de sí o absentismo dos señores e da riqueza por ende primeiramente, e máis tarde o minifundismo esaxerado das terras, co parello fenómeno da hipertrofia individualista dos moradores do rus. Ó se apagar as liortas do señorío e os contactos do señorío co pobo –que tiveron o seu solpor sanguíñento na praza púbrica de Mondoñedo, onde ó rolar polo taboado a cabeza de Pardo de Cela púxoselle a rúbrica derradeira a unha época de fera rebeldía– a plebe galega falla de nemigos cercanos contra dos que se voltar en pulo súpeto e suxeta en troques as esvaídas imposicións de lonxe, froito do Estado castelán-aragonés, fóiselle esmorecendo paseniñamente o instinto de libertade e o senso belicoso, como se esmorecen os circos tremellantes que forma a pedra ó caír na iauga según aqueles vanse alongando... E xa dende entón sin o consello nin a espora asoballante dos señores, senón dos maordomos de ístes, cuña da mesma madeira dos labregos, e só coas leicións de humildade e de respeto para outos poderes lonxanos que lles daban os frades dos mosteiros; enguedellados o foro e o pleito; mandando soldados para Castela e brazos para a emigración, o noso país chegou a aquel paradóxico e estrano mito de autoridade que troca ós aldeáns galegos –valentes, audaces, desprezadores da vida cos do seu igoal– en cobardes, mansurróns e tímidos cara a calquer home de mando. Quizáis o escepticismo crítico que é consustancial coa raza, según veremos logo, dounos ese senso disimulador da desconfianza que se chama humorismo no home culto e socarronería no rústico.

Todo país de acentuado ruralismo ten que ser socarrón e desconfiado. Pero como ningún o noso. Porque o valor cibdadán e a franqueza cívica se non conciben sobor da terra dunha leira miuda, suxeta moitas veces ó costume do medio xugo e pasa boi, onde a fasquía de labrego semella o símbolo tráxico da derradeira escravitude cando dobregado e suoroso traballa a golpe de sacho, lonxe


da civilización e da cultura, fora de toda solidariedade humán, sintindo como único ideal de liberdade o do éxodo e como só meio de contacto positivo co mundo a caxata do alcabaleiro, a non do cacique, a man do maordomo dun amo moitas veces descoñecido que pide as rendas –haxa ou non colleitas– e os tricornos da Guardia Civil que lle recraman o tributo de sangue para ofrendalo a algo que, no isolamento aldeán, sona a entelequia perdida nas brétemas dos lonxanos cumios que andan a roeren o hourizonte coa dentamia dos penedos. Pensando nisto, o doente renxer do carro no silencio do solpor, baixo as somas da corredoira húmeda e pedreira parécenos a viva imaxe dos salaios do fogar labrego; cuio único defensor leal é o aspro can de palleiro o que lle sirve de centinela o galo cacarexante.

Pero acontecéu despois do alzamento dos Irmandiños; despois daquelas bravas xestas de sangue, fogo e ferro, nas que a aristocracia e a teocracia galegas renxeron temerosas ó veren derrubar con fonda xenreira e ruda carraxe, que respondía sinxelamente a unha viva arela de liberdade do pobo, dende o Ortegá ó Miño, moitos castelos e fortalezas feudales; despois daquela xurdia epopeia civil de fouciños, bisarmas e picarañas na que os nosos servos da gleba –viláns e rústicos– procraban o dereito a se rexiren por si mesmos e a non criaren fillos de señores, epopeia louvada por Xoaquín Costa e Castelar, posto que con ela Galiza adiantouse en moitos anos ás revoltas análogas dos Ciomprios de Florencia, dos labregos de Alemaña, dos frondistas da Franza, dos comuneiros de Castela, dos moraves de Austria, das xermanías de Valencia...

Entón chegou ó cumio máis outo e tradicional presentimento da democracia propia do noso país; pero entón tamén debéu xenerarse, como castigo dun rei de Castela para a nosa rebeldía –lembráí o xesto cívico do procurador de Ferrol, Pedro Padrón cerca de D. Xohán I en Zamora anunciándolle a guerra dos Irmandiños de continualos abusos dos señores e cregos– a aldraxante supresión do Voto en Cortes para Galiza⁶, que xa privou sempre, pesia canto se fixo para recobralo ó longo dos tempos, ata que voltamos a nos ver entregados a nosa propia espontaneidade coa invasión napoleónica. Realmente para que Zamora deixase de falar por Galiza tiveron que vir as Cortes de Cádiz do ano 1812 e as Constituintes republicanas do 73. Pouco, pois, ten, dende un punto de vista ouxetivo, que lle agradecer Galiza á monarquía e ás monarquías.

Mais si os reis anteriores, ós chamados Católicos, non perdoaron a xusta rebeldía galega, ¿Cómo ía perdoala a castelá Isabel I despois da xurdia loita da Frouseira, que por cativa traición abatéu, e logo de coñecer as rexas protestas

⁶ Véxase “Galicia, voto en Cortes” de Silva Ferreiro.



dos nosos denantepasados polo usurpamento que ela fixo dun trono que lle pertencía á sua sobriña Xohana, botando man para o conseguir incluso da caloña contra do seu propio irmán e contra unha probe nena? ¿Cómo ía perdoar que os galegos tomasen partido igoal que os portugueses, pola que se desexaba deshonorar chamándolle a Beltranexa? Todo para levar ó trono unha filla tola. Isabel I vengouse crudelmente, bárbaramente da nosa nobre raza liberal e así puido escribir o Licenciado Zurita nos seus *Anales de Aragón*: “En aquel tiempo comenzó la doma de aquella tierra de Galicia”.

Xa privados do Voto en Cortes, obrígase á nobreza galega a emprestar servidume ós reis fora do país nativo, deixándonos aldraxados e enchéndonos de alcabaleiros e outras cras de zumezugas do Fisco estranos ó país, sin que se atendesen xa máis nunca as nosas queixas como di Murguía. De tal xeito nos levóu a unidade, millor dito, á uniformidade hespañola, Isabel I; unidade que non sentía moito, fálese o que se queira, seu esposo D. Fernando, como proban as suas disposicións testamentarias; unidade que en si mesma, según afirma Ortega e Gasset na “España invertebrada” levaba envoltos xermolos de decadencia.

Había que facer a doma de Galiza e fíxose; había que esnaquizar e esmagalos seus pulos tradicionaes de rebeldía e se non reparóu en nada para o conquistar, semeando o terror entre o pobo; levando ós señores á corte, con aloumiños. Emporiso, moitas entidás galegas non acougaron nunca no pediren que se lles devolvese o dereito de voto en cortes que xa se non logróu nunca máis.

Co alonxamento dos señores, cos castigos ó pobo e co abreinte do renacemento que acochóu o espontaneísmo galego nas iñormas acatadas polos homes cultos da Galiza, como polos de todas partes, para traguernos influencias eisóticas que entre nós fixeron máis daño que en ningures a causa de seren a negación plena do celme céltico zogado nos libros de cabalería e nos Cancioneiros porque opoñían as nosas arelas saudosas fillas da brétema atlántica os froitos mediterráneos cheios de zumo azul, Galiza sufríu un fondo adormiñamento letal. E si a isto engádese que logo a descuberta da América fixo que os galegos empobrecidos e asoballados sintisen desexos de tentaren a aventura da emigración, decatáronos doadamente do noso esmorecemento secular.


O demáis todo é lóxico incluso o xorrar da xenreira dos reis a Galiza nas plumas dos escritores casteláns. Así os aldraxes de Cervantes, de Lope de Vega, da maoría dos intelectuaes das outras terras peninsuares cos que Filgueira Val-

verde fixo unha curiosa antoloxía ¿Non éramos ferozes e bárbaros, según os cronistas do tempo de Fernando e Isabel e dos posteriores?

Tan rexa foi a represión contra nós, que Xerome Bermúdez de Castro, inda no século XVI ten que se disculpar de escribir mal o castelán, sendo o pai do xénero literario da traxedia da Península⁷, mentras o conde de Gondomar, o millor diplomático que servíu a Hespaña dende Londres, escribíalles as cartas en galego ós amigos íntimos.

Mais é tan rexa a nosa personalidade, tan diferenciada –como dixo Carolina de Michaelis– que moitas das obras dramáticas dos inxenios casteláns do século de ouro hispano están inspiradas en homes e feitos galegos, como o teño ben probado nun estudo sobre a nosa cultura que publiquéi na revista de París “L’Europe Nouvelle”. Pois, por si esto fora pouco, da Historia de Hespaña esclúese a Galiza con esquecemento taimado e xenreiroso. Pero a ialma da raza leva a súa savia europea ós “Lusiadas”, onde as virxes das rocas atlánticas tocadas cos veos nupciais das brétemas e cos azares da escuma salitrosa agardan cheias de fecunda saudade ó Encuberto que guiado pola pomba do Santo Grial do Cebreiro, afeita ás neves do inverno, ha de redimírnos do asoballamento dun pobo que paralizou seu espírito estepario no inmenso cumio do “Quixote”, que é bulra do idealismo celta, visión enxoita dun deserto cheio de sedes que perturba os miolos –mística e guerra– e conceición mediterránea dun mar pequeno, do mar entre terras, cando as Descubertas xa abrian o vieiro porvirista do grande mar, do mar tenebroso, ás aas galegas do luso Camôens. Mentras Cervantes, rendido o cortesánismo, con sangue nosa nas veas failles sufrir a pena do ridículo, entre as gargalladas de Sancho, ós tolos idealistas, alleo ó fenómeno atlántico xa vivo na súa época, que non comprende nin sinte, Camôens, que tamén leva o noso sangue nas veas, móstranos, forte e senlleiro, a *tête epique* peninsuar. E así xurde o bivio ou abrete de dous camiños históricos, que quizaves xa se non atopen nunca e por un dos que se nos fixo andar á forza chorando bágoas acedas, coa cabeza volta para os irmáns antigos que seguirán cara a outro a súa roita firme, poseendo inda hoxe, porén, o terceiro imperio colonial do mundo. Iste feito inspira a miña obra de anunciación do Antiquixote. O sollar da nosa vida liberal e libre, xa chegará. O libro de actas dos xastres da Mariña de que nos fala Martínez Santiso na súa Historia de Betanzos, áchase escrito en galego ata o momento mesmo de impoñeren os Reis Católicos o emprego do castelán. Ata ise mesmo momento en San Francisco de Betanzos vense as inscricións dos sartegos en galego, igoal que os

7 Véxase a “Nisse chorosa” e a “Nisse lastimosa”.



tumbos das catedraes e moitas actas de concellos. A doma de Galiza chegou tamén á lingua, porque a lingua é a ialma dos pobos esteriorizada, o baluarte da sua autoctonía e da sua autonomía, máis forte que tódalas armas. E a lingua galega era o rexo vehículo da nosa libertade racial. Refuxiada dende entón na montana, entre as brétemas e as uces, deitando bágoas de orballo, pode ser si volta a descer os vales e ás praias, trunfante na loita co espírito sarraceno, o héroe epónimo da nova reconquista⁸. Levóusenos á unidade para matarnos como pobo. Para facernos, dende entón ata hoxe unha mansa e despreciábel colonia. Impuxémonos o sacrificio supremo de perdelo todo para non ganar nada. Os feitos próbano craramente. Ante eles, como na reixa dun confesonario, realicemos o máis íntimo eisamen de conciencia.

E bebamos na inmensa cunca azul do firmamento o leite de estelas do camiño de Sant Yago, símbolo da nosa gloria universal rubindo ata os cumios dos montes onde os rexos piñeiros pondaliáns serven de palios para o viril do sol⁹, entre as albas litúrxicas da brétema.

II

Inda que de maneira esquemática, facendo xurdir a realidade dos feitos, pero sin entrarmos apenas na que puidéramos chamar a filosofía dos mesmos, fica demostrado que na masa do noso pobo, mentras o centralismo castelán coa sua hexemonía non cegou as fontes da libre espontaneidade racial, existiu sempre un formento de rebeldía de natureza democrática.

Pois agora sobre de tan rexa base imos erguer as fesqueas dalgúns homes

8 Dixemos ó fundar as “Irmandades da Fala” e repetímolo hoxe e sempre: ¡Pobre país aquel onde a maoría dos nenos que habitan ao se tropezaren coa escola vense reprendidos polos mestres porque falan a lingua do seu país que é a que priva no fogar e no traballo! Ista terríbel castración no orgulo da súa oriunde, que ven dende fai cinco séculos practicándose a cotío ó facerlles perder o pulo da espontaneidade orixinal, na que escoo o propio estilo, troca forzosa e fatalmente ós que a sofren en escravos moraes dun prexuício que endexamáis poderá deixalos. E con todo a maoría inmensa dos galegos falan hoxe aínda na gloriosa lingua filla do latín que máis fidel consérvase entre todas da Península ó nobre pai que a xenerou. ¿Onde están os bós pedagogos galegos que non ergueron a sua protesta humanitaria contra de ista monstruosidade sin nome, verdadeiro pecado mortal contra natura? Xa teño feita ista pregunta nun dos meus vellos “Discursos á Nación Galega”, pensando con Herder que a fala é un todo orgánico que vive, cresce e morre como un ser vivo; e que a lingua de un pobo resulta a sua ialma feita visíbel e tanxíbel.

9 Dixo alguén que os gredos chamábannos galactos por fillos dun país onde o leite de vaca abunda.

representativos da Galiza, no senso emersionano, que axudarán a manter a verdade da nosa tese.


Xa andando a Idade Media, entre outros poetas recollidos no Cancioneiro da Vaticana, cultivadores da dúbida sobre das cousas serias, xurde Airas Nunes, crego desenfadado e ledado cheo de esquisito *humour* filosófico, que acaba por se bulrar da verdade despois de téla buscado inútilmente nos mosteiros dos fraides e nas pousadas dos romeus que ían a Santiago. Airas Nunes é un escéptico con gracia prevolteriana e humorismo piadoso e comprensivo como o de Anatole France, e o de Hexlei no “Contrapunto”, en tempos tan anterigos que proba o fondo liberal da súa ialma toda galega. Para Airas Nunes caseque coetáneo do anacreóntico vate oriental Omar Kayum, a Verdade é unha cousa inaprensíbel, coincidindo así co autor da “Illa dos Pingüinos” que a supón composta de tódalas mentiras como o branco de tódalas coores.

Esí a verba dun crego poeta, en prea pesadilla medioévica, aló polo século XII, cando con Xelmírez, Compostela foi o gran foco de irradiación cultural do mundo, ata o punto de desviar a civilización de Europa que ía camiño de Oriente coas cruzadas hacia Oucidente fixo belas ironías de escéptico con relación á Verdade “*que nin nos mosteiros achaba*”.

Máis tarde, infruído polas ideas do Renacemento, aparez en Tui Francisco Sánchez ofrecéndonos seu notábel tratado “*De quod nihil Seitur*”, modelo de rexa e aguda dialéctica onde sostén a ousada tese, vagamente presentida nos versos de Airas Nunes, da imposibilidade de chegar ó conecimento absoluto da verdade obxetiva, o que lle valéu ser chamado por algún Precursor o devanceiro de Kant e de Descartes¹⁰.

Isto ocurría no século XVII. No XVIII, como se cada cen anos tivese Galiza que nos ofrecer unha verdadeira continuidade neste aspecto racial filosófico do esceiticismo, cuio celme matriz xorra dos Cancioneiros, o P. Feijóo no seu “*Theatro Crítico*” e nas suas *Cartas Eruditas* –que fixo xa de vello– volve a nos mostrar aquela fina ironía, cheia de vizoso humorismo, onde volvoretea a dúbida ó redor da verdade como levián *ritornello* dos sentires de Airas Nunes e dos pensares de Francisco Sánchez. Feixóo “cibdadán da libre República das Letras”, non foi somentes o primeiro xornalista hespañol, como di Azorín “nin tampouco o precursor da meiciña moderna” según Marañón, sinón tamén o máis outo esgrevio enciclopedista da nosa raza. No seu discípulo o P. Sarmiento –primeiro home que teorizou contra a pena de morte no mundo– escentilean

10 Tradúxose ó galego seu tratado por D. Xoaquín Aznar Ponte.



aínda, como lóstregos, as suas ideas tan galegas e tan universaes, que moitas veces fixeron engurrar o sobrecello da Inquisición, o mesmo que no crego de Fruime. Feixóo e Sarmiento combaten as supersticións vulgares e aconsellan o estudo das ciencias naturaes e a implantación de ensinós agrícolas nos seminarios. O P. Sarmiento que se folga de que na Galiza non xurdiran toureiros, que pide que se lle dían terras ós que traballan, que se predique o Evanxeo na lingua nativa, aconsella tamén que se estude en galego o latín polos nosos cregos e eruditos, valéndose das gramáticas portuguesas mentras non as haxa galegas. E hai un catedrático de Letras na Universidade compostelana, castelán de berce, que quixo combatir o galeguismo recomendándonos as orientacións culturaes do P. Sarmiento para nos decir –e Deus lle perdoe– que ¡non as coñecemos!...

Isto proba que en certos aspectos, non progresamos moito dende os tempos en que o P. Feixóo tivo que escribir a “Apologética” para rebatir erros e aldraxes dun andalús sobre dos galegos. Dun andalús que vivía lonxe da nosa terra, cousa máis tolerábel que a dos alleos que viven entre nós, as veces como catedráticos, meténdose nas nosas cousas e falando mal de elas.

O estrano para nós é que tendo comenzado a poesía galega no século XII ou denantes, un pouco despois comenzou a nosa música, a primeira da Península, non se conserve ningún romance, tradición ou cantar daquelas épocas ata o 1500, porque a lírica popular forzosamente debéu producir moitos. Eruditos afirman que coa poesía trovadoresca do ciclo galaico-portugués, coexistiu unha poesía popular, da rúa e da corredoira, que se espresou con rústica e socarreira cazurrería. Do que puido conservarse ata hoxe do folklore galego hai unha boa mostra no “Cancioneiro” de Pérez Ballesteros, no que se poetizan tódalas cousas da vida cotián, máis non aparecen as coplas alusivas a unha arela de xustiza ou ó malestar social.

Pero non deberon faltar empiriso. Porque un pobo como o noso que sufríu o asoballamento do señorío e da teocracia e máis tarde do caciquismo, ós que rexamente se opuxo como ningún, sendo propenso ó *humour* que reflexa tantas cántigas de bulra e escarnio, sin dúbida fixo contra del moitas cántigas. Pero ¿onde estarán?

III


Xa no século XIX cando o romanticismo tornando a friaxe do clásico que na Galiza non callóu plenamente nunca, volta a añudar con fío de ouro o espírito dos Cancioneiros –noso espírito eviterno– o das novas correntes literarias que teñen unha das súas primeiras fontes no vello Rousseau, pódese decir que todo galego representativo sinte a democracia e ama a liberdade.

Co romanticismo ábrense a nosa terra os ares de Europa, despois de tres séculos de silencio –fora das Festas Minervais de Santiago e dalgúns ensaios eruditos, pouco máis en galego fíxose neste intre–; tres séculos de silencio nos que sufrimos rudos aldraxes dos literatos da fala castelán, servos inconscientes dos inimigos das nosas vellas arelas liberaes, contra dos que se ergueron os P. P. Feixóo, Sarmiento, Gándara, o Crego de Fruime, o conde de Gondomar, Vereá e outros.

A fogueira romántica, como a da noite de San Xohán, que anda a se espallar polo mundo, troca en cinzas o clasicismo que responde a unha iñorma única, acochando baixo regras fixas e trazos de creacións eruditas, canto hai de diferencial e espontáneo en cada terra. E xunden as correntes vitalistas que dispenden artificiosidades a concencia dos homes e dos pobos para mostrarlas núas, en plea esaltación da natureza.

A idea liberal forma estreita simbiose coa tendenza romántica; e para Galiza, que levaba no sangue o romanticismo e o presentimento da liberdade, chegou a hora de se poder mostrar a si mesma, fielmente. A moda e o modo acaíanlle ben e como por outra parte, a guerra da Independencia deixouna entregada o seu propio esforzo e á súa propia espontaneidade, puido daquela semear en terreo fértil os xermolos do seu rexurdimento.

O idioma materno –¡Santa continuación do cerne racial!– volta a ser entón a bandeira da liberdade. Lémbrese a frase do P. Feixóo: as linguas son a espresión da ialma dunha homoxeneidade étnica. Lémbrese igoalmente a sentenza de Leibnitz: os mapas sinalan as demarcacións dos Estados, pero non das nacións, que nascen da armonía das linguas. Así o enciclopedismo do século XVIII concorda co pulo romántico que chouta como un rillote traveso de pés núos polos anos lumiares da centuria oitocentista. A loita pola liberdade abrangue daquela o xeito de loita pola independencia das nacionalidades. Pero xa denantes, no ano 1752 estabrécese na nosa terra a Masonería despertando o receio da Inquisición, que persigue sin trégoas incluso ós sospeitosos. Os abusos diste Tribunal



revoltan en contra sua toda cras de diatribas imprentadas¹¹. Entón é cando Freire Castrillón nun romance galego “El nuevo Cesáreo de las Candelas: La Pilingrina”, cheo de alusión á relixión Católica, sai na defensa da libertade do pensamento, custándolle ista obra a pena de carce imposta polo Santo Oficio.


Xurden, logo, “As Proezas de Galicia” de Fernández Neira, que sellou co seu sangue o amor á terra; “Os rogos dun galego establecido en Londres”, adicado os seus paisanos para abrílles os ollos sobre certas iñorancias de Pardo de Andrade (1813), liberal aceso que pon a súa fasquía bohemia nas xuntanzas do Café da Esperanza, da Cruña, onde o silleiro Sinforiano López e o cubano Porlier sementan a eito a rebeldía democrática que pagan coa perda das suas vidas; e xurdéu tamén “Os diálogos” de Boado Sánchez, e “A tertulia de Picaños”, “A tertulia de Quintán”, “Na portela da Chaínza”, e outra multitude de prosas e versos relacionados cos sucesos da época. Por certo que nas “Proezas de Galicia”, Fernández Neira refire os episodios bélicos nos que él mesmo intervú, en xeito de parolas entre dous rústicos: *Chinto e Mingote*, e chega ata se preocupar da conservación das formas dialectaes características da nosa lingua, según producíanse en cada unha das sete provincias nas que entón se achaba dividido o noso reino.

Querse decir, que despois de tres séculos de preterición, sin que ninguén se puñera de acordo e sin que a idea do rexionalismo fose coñecida aínda –ista idea forxouna Galiza máis tarde antes que ninguén na Hespaña– tódolos galegos representativos somentes polo feito de levaren seis meses os franceses no chan nativo e de ter crebado a cadea do centralismo, realizaron de maneira espontánea a afirmación da persoalidade da terra no idioma orixinal. Liberalismo e galeguismo, ou enxebrismo, fanse sinónimos. Cregos galegos acoden ás Cortes de Cádiz do ano 12. Procrámanse liberaes frades prestixiosos, como o franciscano P. Iglesias. A Cruña que no ano 23 salvou da morte o alzamento de Riego nas Cabezas de S. Xohán, merez o tíduo honroso de *segundo baluarte da libertade española*, tíduo que dende entón non fai desmerecer nunca porque xa no sucesivo e sin interrupción foi xurdio guieiro cívico de toda Galiza. E si “cívico”, etimolóxicamente ven de civilización e o verdadeiro froito dista é a cibdade, que quere decir metrópoli da cibdadanía, a Cruña en somellante senso conquiréu dende aquela data ata hoxe, sin que ninguén llo poida disputar, o rubro honroso de capitalidade única da ialma liberal da nosa raza. Urbe sempre democrática, ao ideal constitucionalista ofréndalle varias vidas: a de

11 Véxase o libro de Carré Aldao “Influencias de la literatura gallega en la castellana”, onde fálanse de escritos de estudantes e persoas de tódalas crases contra da Inquisición.

Sinforiano López e Porlier entre outras. Cando xurde o sentimento republicano na Hespaña, encende a lámpara votiva deste sentimento cunha constancia exemplar, única en Galiza e única en toda a península, para mantela xa sempre acesa. Logo inicia a sementeira do federalismo na nosa terra e despois crea a Solidaridade Galega, refrexo da catalana, xeneradora das famosas asambleas de Monforte, agrarias e anticaciquíes, que fan posíbel o xurdimento do agrarismo rexional e as “Irmandades da Fala”. Tódalas arelas liberáes de Galiza atopan nela o laboratorio que as trasmuta en idea-forza. E si nas horas de trunfo sabe recibir con apoteose xurdia, como ningunha outra vila galega, ós caudillos da democracia, nas horas de door, cando a Morte coa sua fouce xiada sega as vidas dos seus poetas, artistas e pensadores, tamén sabe renderlles o culto de que son merecentes. Para calmar as sedes patrióticas que sentíu Curros no desterro soupo, coroándoo solenemente, ofrendarlle como meiga samaritana nas cuncas das suas mans mariñeiras os frescos groulos do consolo, e soupo gardar máis tarde o seu cadavre con aloumiños de nai na terra santa dun cimeteiro que bica o Orzán bruador, o mesmo que garda os de Chané, Pondal e Murguía... Pola Península de Hércules, enantes que polas Ramblas mediterráneas chegaron a Hespaña os ideaes ácratas. E foi a Cruña, entre tódalas cibdades galegas, a única que con francos latexos de entusiasmo, levando o concello republicano o seu fronte, sin os receios que nas outras fixo xurdir o caciquismo, acolléu ós políticos cataláns que no ano 18 viñeron a pactaren con nosco estreita solidariedade rexionalista. Na Cruña nacéu tamén a orgaización revolucionaria anterior ó 12 de abril de 1930 e o primeiro partido político galego que intervú como tal no goberno da Hespaña. ¿Qué cibdade da nosa terra pode ter, pois, máis tíduos para metrópoli civil que a cibdade herculina? ¿Qué cibdade, non xa de Galiza, senón do resto da Hespaña, tivo o xesto dela no ano 1808 de obrigar a decrararse á sua Xunta Suprema composta por persoeiros das sete provincias do país en plena soberanía, con total independencia do Goberno de Madrí, enviando a Londres un embaixador propio, belixerante, Don Francisco Sangro, na compañía do militar Don Xoaquín Freire, que aló se entendéu co Segredario do Estado de Inglaterra, sir George Canning¹², que no nome exclusivo da nosa terra fixo pactos de importancia, organizóu correios directos entre Plymouth e a Cruña, inda tamén empréstitos con banqueiros londinenses, recibindo agasallos do rei británico Xurxo II? ¡Bó alegato histórico que ofrecemos ós que din, faltos de cultura e de senso lóxico, que non estamos capacitados para o Goberno do noso país, pero en troques –absurdo dos absurdos– nos recoñecen capacidade de gobernantes de toda a Hespaña varia e diversa, como si a menor

12 Archivo Nacional. Leg. 71-B.



non negase a maor! E decatádevos que porvir honroso tería hoxe a Cruña si os cruñeses que fan de dirixentes seus, cando o goberno provisional da segunda República concedeulle a Cataluña por decreto a restauración da Generalitat, pedisen para a nosa cibdade a restauración da Xunta Suprema xa que pola historia tiña ben merecido ise dereito! Momento único que se perdéu botando grande responsabilidade sobre de moitos que así mesmo chámanse “coruñesistas”!

Por certo que isto ven a nos dar o abrente dunha sospeita: Que non é o espírito relixioso dun pobo case nunca o culpábel do reaccionarismo antidemocrático. A vida da Irlanda libre está a probalo, como o proba tamén Vasconia que nos seus foros de país tradicionalmente católico verquéu as máis democráticas iñormas que inspiraron á soma do arbore de Guernica o pacto de Rousseau, ou o que é o mesmo celme da revolución francesa. Ora que hai un catolicismo europeo fleisibilizado en contacto co ar da Reforma e o libre eisamen que ten reflexos entre os vascos e os cataláns; un catolicismo que, como o francés, o inglés, o belga, o alemán ou yanqui é compatíbel con tódolos postulados da libertade e con tódalas reivindicacións económicas e sociaes, e outro moldeado por Castela que polos centralistas chegóu a Galiza para trocar o espírito do cristianismo das Catacumbas en cristianismo ó servizo dos intereses materiaes latexantes. Mais nós decimos que a nosa terra que tantas veces se erguéu contra da teocracia e a aristocracia, hoxe ten o pior nemigo na plutocracia, caste nova na que moitos dos seus integradores e defensores, que se chaman republicáns, tragacregos e arrelixiosos, andan máis perto da reacción social e política que outros que son católicos, bós católicos, sin que por iso deixen de se sentiren sinceiros demócratas.

E xa no ano 1840 a concencia galega ofrece síntomas de maturidade. Xohana de Vega, a muller forte, xurdo *specimen* da raza que se namoróu dun vello guerreiro admirando seu valor, seu senso liberal e a sua oriunde agraria, para facer logo do corazón do esposo morto, pechándoo nun cofre de prata, o Sant-Grial da democracia, mentras en vida déralle folgos para a loita a costa da sua tranquilidade, a forza de sagreficios, seguíndoo ó desterro, onde empeñóu as suas xoias familiares en resposta ás esixencias do ésodo; Xohana de Vega –anverso de Xohana a Tola a reverso de Isabel I– que polas suas virtudes liberaes chega a ser aia e preceutora dunha raíña para inculcarllas; ista muller acesa en caridade e humanitarismo que o se reintegrar a Galiza –tras un azaroso estadio na corte ouvindo fungar balas, sereamente– asistíu a coléricos con evanxélica sorrisa nos beizos i escintileios de anxo nas mans esguías; ista muller que re-


fuga honores e funda un hospital e unha granxa co seu peculio, pensando no arado como nun embrema de nobleza e vese vixiada e perseguida polos esbirros do absolutismo, é unha síntese da ialma cruñesa, que é decir da ialma da nosa terra nun só corpo femenino¹³.

Son os tempos nos que o egrexo Antolín Faraldo pensa na Grande Obra, ou sexa na liberación da Galiza para que ista non siga sendo unha colonia da Corte e para que a espada dos liberais galegos faga inclinar por unha vez a balanza onde pesasen os destiños da Hespaña. Antolín Faraldo que misturaba o sentimento relixioso coas areas revolucionarias sendo, sin el decatarse, un precursor da democracia cristián, doulle acentuación rexional ó alzamento galego do 1846 contra o absolutismo e o centralismo, que tivo por berce a Cruña e por epílogo a traxedia de Carral, e no que colaboraron serios prestixios do comercio cruñés, estudantes da Universidade compostelana e demócratas de tódalas vilas galegas¹⁴.

Pois tamén liberal, chamándose católico, como Xohana de Vega, como Antolín Faraldo, era o gran poeta romántico Nicomedes Pastor Díaz, pesie a se achar ergueita no cumio do Vaticano a frase da encíclica pontificia: “O liberalismo é pecado”, e de selo deixou probas indubitabels nas suas obras “Problemas del socialismo” e “Diez años de controversia parlamentaria”, onde se mostra entusiasta da soberanía do poder civil, panexirista fervoroso da crase media, contrario á redención a metálico do servicio das armas, e nemigo dos pronunciamentos militares porque “inda –son verbas suas– non se conciben tempos tan bárbaros nos que o poder sexa a espada” ¡Probe del si vivise cando a dictadura marcial! E Pastor Díaz que como poeta trunfou cal ninguén na Hespaña cultivando a cheia de celme celta i europeio, ademáis de pensador de xeito liberal foi un verdadeiro vidente no referente ó porvir de Rusia. Nas conferencias que sobre do Socialismo deu no Ateneo de Madrid (1848 a 49) dixo estudando o gran problema das razas eslavas. “A isos pobos do Norde nos parece que está reservado nos nosos días misterioso destiño, unha misión influente sobre a sorte do mundo...” “Caviléi –concrúe– sobre a vitalidade xuvenil e poiderosa disas razas que algúns coidan mergulladas na perguiza e na inmovilidade apática...”. Isto escribiu Pastor Díaz no ano 1847. Non houbo na Hespaña, quizáis no mundo, ningún outro profeta do feito actual do sovi-etismo ruso.

13 Véxase o libro “Juana de Vega” de D. Narciso Corral e as “Memorias da Condesa de Mina”, editado polo Congreso, de D. Xosé Canalexas.

14 Véxase “El Alzamiento Gallego de 1846” de Don Francisco Tettamancy.




¿E a qué falar de Concepción Arenal, a esgrevia pensadora que chamou irmáns seus ós presos e ás rameiras, traguendo ó balboro do romanticismo do século XIX un eco vivo dos Evanxeos e do espírito franciscán? Concepción Arenal, que deu francas orientacións liberaes e humanitarias á ciencia penalista moderna que inda hoxe para moitos parecen avanzadas, e que se mostró tamén partidaria do laicismo no ensino e nemiga da guerra, é un modelo de apóstolos do liberalismo. Pois Emilia Pardo Bazán, chamándose tradicionalista, ofreceunos a paradoxa de poñer en contraposición o seu credo político co seu credo literario, ó abrir a súa ialma sin receios, a tódalas correntes ideolóxicas do mundo con xesto criticista enciclopédico somentes propio dos tempos liberaes. ¿E qué decir agora de Rosalía Castro? Canta con laios adoridos a liberdade da terra consubstancializada coas súas propias doores en simbiose indisolúbel –“Probe Galiza non debes chamarte nunca española porque España de ti se olvida”– sin esquecer a liberdade que latexa varilmente no seu poema “A xusticia pola man” e ten un eco de rebelde humorismo na cántiga que fala dos probes que non teñen cartos para os enterraren, e na que reza dos que nin de prestado teñen camiño para andar. ¡Ela que desfollóu a rosa de cen follas do seu corazón no que chantara o cravo da tristura –Santa Dolorosa da raza– sufrindo polos afrixidos da súa terra e erguendo a rexa protesta contra dos que en Castela e onde queira traten mal ós galegos! ¡Grandes mulleres da Galiza nas que alenta a inspiración da raza sempre presente! Fondo acerto tivo Prisciliano para erguer os corazóns femeninos da súa terra ata a outura das doutrinas que espallóu. Porque a muller galega dende os tempos de Silio Itálico e Prisciliano ós de hoxe foi sempre a mesma: Na intelixencia, no traballo, no senso da xusticia, en todo. Defende ós servos Maricastaña; esculca os Logares Santos na Asia a freira Eteria; loita contra o estranxeiro María Pita; e inclusive dá unha almirante ó mundo: Isabel Barreto.

A ialma liberal de Galiza áchase en continuo axexo; de tal maneira, que chegó nunha ocasión sinalada, cando inda eramos reino con sete provincias, a levar a capitalidade dunha delas, que radicaba en Santiago, para Pontevedra, polo feito –di a crónica– de seren moitos santiagueses partidarios do Absolutismo e do reaccionarismo. Pero no mesmo Santiago o liberalismo xurdía, dando froitos vizosos.

Lembráí aquel histórico xantar de Conxo onde estudantes universitarios e obreiros nunha doce mañán de primaveira, celebrando o xurdio abrete da democracia puxéronse ó servizo da Patria Galega. Pondal e Aurelio Aguirre, dous adolescentes inda daquela, fixeron erguer dun sono de pedra ó proletaria-

do compostelán. (Decátese diste síntoma da galeguidade o obrerismo galego). E a alborada do rexurdimento literario da nosa terra. A ialma galega, unha e a mesma a través dos séculos, fai niño nas vizosas arbres da poesía romántica. Óuvense os “Queixumes dos Pinos” de Pondal; os “Aires da Miña Terra” de Curros Enríquez, irmáns xemeos de Guerra Junqueiro que, co vate de Celanova, forma o diunviro de poetas civís máis rexos que houbo nunca na Iberia. Entón espalla Rosalía as “Follas Novas” e os “Cantares”. “A Musa da aldea” de Lamas Carvajal –non esquezamos o “Catecismo do labrego”, reflexo neto da retranca enxebre– chega ás vilas. Francisco Añón, flaxelador das supersticións relixiosas e do Papado, anticlerical en “Santa Xusta”, en “Onde pecóu” en “Quen fora frade” e noutras máis, fai o hino da liberdade dos pobos paseiando polos vieiros de Europa a sua fasquía bohemia que coñeceu as cadeas da carce e as tristuras do hospital. Bieito Losada, alternando cos epigramas picarescos, compón tamén versos anticlericaes, como Leiras Pulpeiro e outros. E Xohán Manoel Pintos fala con emoción dos sufrimentos do campesiño, anunciando tempos novos de xusticia igoalitaria. O Parnaso Galego volta a recobralo prestixio da época dos Cancioneiros. Son moitos a se entregaren ó cultivo das musas e de entre eles non hai ningún –o caso é sintomático– que mereza en verdade o nome de poeta que non se sinta con folgos liberaes.

Todos cantan os traballos do labrego, as lacras da Galiza; todos revóltanse contra o absolutismo, o centralismo e o caciquismo; todos teñen na sua lira a corda agraria. Realmente, como en poucas partes, pode falare na nosa terra da existencia dunha *poesía social* consustanciada co que somos xeográficamente i étnicamente: mariñeiros e labregos. E si os poetas e os pensadores son o elemento macho fecundador na Historia –como dixo Ximénez Caballero– e os políticos o elemento femia e fecundado ata de agora foron machorros cáseque tódolos da Galiza, para a sua disgracia. Porque non tiveron o xesto hermafrodita que tódalas políticas sinceiras acadan nos seus comenzos: o de integrizaren o lírico e o especulativo coa acción e o pragmatismo, que logo na hora da maturidade polarízanse en dous corpos diferentes, pero tan necesarios un para outro, como o home e a muller para a procreación. A verdadeira política galega, ata xurdiren as “Irmandades da Fala” non andaba máis que nos versos dos poetas, nos cadros dos pintores, nos traballos dos dibuxantes e na especulación de algunhos pensadores galeguistas. Os únicos alonxados e desleigados da política do país eran os chamados políticos. Decatádevos da curiosa paradoxa que non ten volta. E vede aquí o pior defecto do centralismo o seu pecado máis terríbel, que non haberá de nos deixar nunca mentres se non decote pola raíz.



A unanimidade é perfeita, decíamos, nos nosos poetas de onte, e anda a se continuar nos poetas de hoxe. E aínda se dá o fenómeno de que un galego, Brañas foi o primeiro, foi quen artikulou o idearium rexionalista, primeiro que ningún na Hespaña, compre fixar isto moito, pesia chamarse partidario de Don Carlos de Borbón, nun país cal o noso onde apenas houbo carlistas, e pesia sua catolicidade acesa de home de dereitas –dereitas de ideas, non de intreses– sempre un espírito de protesta e rebeldía contra das inxusticias sociaes. De ideoloxía conservadora, era temporalmente un revolucionario, cousa moi doada no carácter galego, como di Risco, confirmando a nosa tese. E así poido escribir aqueles liberaes versos de revolta, acuguladas de zumo democrático, nos que di:

*Como en Irlanda
érguete e anda.*

O mesmo Vázquez de Mella non puido desenraigarse do sentimento liberal das xentes da súa raza, inda sendo líder do tradicionalismo, ó manter o criterio da separación da Eirexa do Estado, e cando, conseqüente co seu credo político arrenegaba do Parlamento, sintíndose nel, con todo, como peixe na auga.


Pois profesos nunha franca democracia con forte recendo de liberalismo estiveron tódolos Precusores de que nos fala Murguía no libro do mesmo título. Así aquel Sánchez Deus que nado nunha aldea galega, e despois de facer estudos para crego en Santiago, foi a servir á libertade na Italia de Víctor Manoel baixo as bandeiras dos *camisas roxas* de Garibaldi. Así Lois Hermida, malogrado mozo, un dos homes do seu tempo que con máis fortuna cultivaba as ciencias filosóficas. Así Moreno Astrai, o crego xornalista, que fundou o “Sancho Panza liberal” para saudar á Revolución de setembro, e que se fixo logo pastor protestante e máis tarde suicidouse, mesmo que aquel outro crego, galego e liberal, que se chamaba Vesteiro. Así Vicetto e outros máis. Todos dinos de seren protagonistas de belidas novelas románticas, como dixo Otero Pedrayo. Pero con respecto a Vicetto, o “Cazador de Fantasmas” como lle chamou Murguía, que queremos lembrar porque acáí ben coa nosa tese, que polo empeño de filosofar sobre do Tempo consubstanciándose con Deus nunha aguda teoría iniciada na súa Historia de Galiza, foi reprendido polo Bispo de Mondoñedo D. Ponciano de Arciniega, e logo tamén polo Cardeal Paía chatándoo entón de herexe e panteísta tódolos periódicos da dereita. Como non rectificase a súa teoría e sostivese unha discusión epistolar sobre dela co Arcebispo compostelán,

o gobernador civil da Cruña ordeoulle suspender a publicación da “Historia de Galicia” que viña publicando. E inda o cardeal Paiá lle dixo: “Si o seu Deus é o tempo, eu cúspolle a ese Deus”. Ó que respostou Vicetto: “Pois a ise Deus apelo para que me faga xusticia”. Un ano despois, gracias o trunfo da Revolución de setembro do 68, puido continuar publicando a súa historia. E refutou tamén daquela na “Revista Galaica” a Platón, a Aristóteles, a San Agustino, a Lebnitz, a Kant, a Krausse e a Balmes. I eu lembro aquí, que Goethe dixo por algunha parte, en certa coincidencia con Vicetto, que “o tempo é a veste de Deus”.

Ollade para onde vos pete e non vai ser doado que atopedes un só galego que mereza o nome de galego representativo, volto de costas para as ideas liberais. Nin no xornalismo, nin na literatura propiamente dita, nin na política, nin na ciencia... No xornalismo, emparellados con Moreno Astrai, con Añón, Curros, Pardo de Andrade e outros poidéramos poñer a Alfredo Vicenti, Aureliano J. Pereira, Novo, Portela, Barreiro de W., Urbano González, Fernández Latorre, Lombardero, Carnota, Faxine, Ricardo Mella, Amor Meilán, Vega Blanco, García Acuña, e sobretudo o devanceiro ou precursor de eles despois do P. Feixóo, Antonio Bieito Fandiño, que nacéu en Santiago no derradeiro tercio do século XVIII e a quen quero rendirlle neste traballo, pola miña calidade de xornalista, unha curta pero cordial lembranza.

O primeiro periódico que se publicou na Galiza foi o “Catón Compostelano” impreso pola herdeira de Fraíz o ano 1800. Trece páxinas en octava. Logo a causa da Guerra da Independencia xurden varios. Entre eles o “Diario de Santiago” fundado por Manoel María Vila, en 1808; o “Patriota Compostelano” en 1813, etc. Común a todos foi o formato en octava e a numeración correlativa para formar volumen. O prezo variaba pouco, de seis a oito cartos. Resultaban porén, máis caros que os de hoxe, pois saían ó mes a unhas dezaseis réas, sin lles daren ós lectores máis que noticias locais e de cando en cando algunha nova nacional que coñecían casualmente. As tarifas de publicidade aínda eran descoñecidas. En tódolos periódicos citados dominaba o sentimento patriótico e a adhesión afervorada a Fernando VII.

Antonio Bieito Fandiño non escribiu neles. Xurdíu algo máis tarde; cando a Constitución achábase en perigo e percisaba defensores. Editou varios periódicos; o derradeiro foi “El Heráclito Español” e “El Demócrito Gallego”, en Santiago, no ano 1820. Pero xa antes saíran outros de carácter liberal como “Diario Cívico Patriótico” (Santiago 1812); “El ciudadano por la Constitución” (A Cruña 1813); “Diario de La Coruña” e “La Aurora” (tamén da cidade herculina) na mesma época. No número sete de novembro de 1812 do “Diario



Cívico Patriótico” de Santiago –primeiro ano da Constitución política hespañola– pode lerse ísto: “Don Antonio Benito Fandiño, socio de número que fue de la Real y distinguida cárcel de La Coruña; ex decano del presentado de ella, individuo nato del Consejo de Estado de su Alcayde; gallego, patriota y gritador cuando viene al caso; Director General de los encarcelados por unánime aclamación de ellos; Presidente Supremo y decisivo voto de los que yacen en la cárcel de Santiago donde él también existe”.

Fandiño estaba afeito á carce. Dende 1810 saíu dunha para a outra. Entre reixas escribiu violentos traballos xornalísticos como o adicado ó coengo de Santiago Acuña e Malvar, en 1812, e os que viron a lus na “Gaceta Marcial” contra “El Sensato”, xornal tamén editado en Compostela e que respondendo ó seu tíduo coidaba a *sensatez* sinónimo de despotismo. Ningún librouse do seu esprito crítico, no que latexaban a ironía e o humorismo propios das xentes da nosa raza. Fixo folletos, moi celebrados daquela, da guerra: “Ojo de Dios que todo lo ve”, no que censuraba a administración da xusticia, e unha valente esposición dirixida ás Cortes en Maio de 1813 contra dos maxistrados, que o tiñan condenado ó servicio das armas e a seis anos de presidio.

Disfrutou logo unha tempada de tranquilidade; pero ó fin, perseguido pola reacción de 1823 foi metido na carce de Santiago e no ano 1825 condenado a traballos forzados. Comprindo a pena no Canal de Castela morréu seis anos despóis. Deixou escritas varias inscricións sepulcraes das que copiamos ísta:

Huye de aquí, caminante;
mira que soy mal presagio
pues la desgracia es contagio
que cunde y pega al instante;
que si morir es forzoso,
más vale hacerse glorioso,
que no por largo egoísmo
sucumbir a lo afrentoso.

Vede como o xornalismo liberal de Galiza tivo un verdadeiro mártir que morréu no ano 1831 –xa que se cumpríu o primeiro centenario da súa morte– que merece un homenaxe dos que temos o grande honor de nos considerar seus colegas.


Pois si nin no xornalismo nin na poesía –dos que temos falado– poden sinalarse nomes prestixiosos reaccionarios, menos aínda na literatura propiamente

te dita. Na política tampouco Pastor Díaz, Chao, Costales, Becerra, Monteiro Ríos, Linares Rivas, Alfredo Vilas, o médico Rodríguez, Barcia, Besada, Porteiro, Leonardo Rodríguez, Manoel Fontenla, Pablo Iglesias –por citar só ós de máis sona– levaban no fondal da ialma o sentimento democrático da terra que os criou. No respectivo á cencia abonda escribilos nomes de Cornide, López Seoane, Flórez Estrada, Paz Nóvoa, Carracido, Maisemino Teixeira, Díez de Rábago, Romeiro Branco, Said Armesto, Viqueira, Lousada Diéguez, Pérez Porto, Nóvoa Santos, Rodríguez Cadarso...

Pois si quixeramos levar iste homilde ensaio ás derradeiras conseqüencias teríamos que estudar ós galegos representativos de hoxe, os que inda viven, sin temor que a nosa tese sufrise creba tampouco por isto. Pero falar dos vivos é cousa espоста a esquencimentos e inxusticias e pouco axeitada para discursos académicos.

Eu tamén tencionéi sinalar un fenómeno curioso: o de que en poucos países, quizaves en ningún, haxa un sentimento democrático tan vivo e unha ialma tan acesa, ó longo dos séculos, no seo das masas, na entrana do pobo e no corazón dos escolleitos, dos galegos verdadeiramente representativos, como o noso. Quen tente a probalo contrario faceralle un grande ben a cultura galega, dándome a min con elo unha fonda ledicia.

A idea grega do cibdadán, envolta en néboas celtas, latexóu sempre na Galiza. E eu lémbrome agora diste treito dun discurso pronunciado por Carracido en Pontevedra, no ano 1895: “Sinto gran afición a observar debidamente nas cartas xeográficas a figura das terras, e afirmome cada vez máis na creencia de que no continente europeo os dous países máis somellantes que poden atopárense son Grecia e Galiza. Os tres pobos que máis influxo tiveron na historia da humanidade son tres penínsuas sitas o Sul de Europa. Pero hai unha esceición na península que habitamos e é precisamente, a terra que ocupa o ángulo do Noroeste, a nosa Galiza, que polo dilatado do seu litoral en relación coa sua superficie, resulta, sin dúbida, unha reprodución da Grecia ata o punto de podela chamar a Grecia de Ocidente. ¿Vedes ista semañanza da terra? Pois dalgún xeito ten que ser correspondida pola das xentes que a habitan; que por algo en tódalas relixións suponse ó home saído da terra...” A Galiza de hoxe anda a buscárese asi mesma. Xa atopou as fontes da sua orixinalidade racial, baixo a mesta escombreira de cinco séculos de asoballamento político, económico e cultural. As augas disas fontes só poderán producir enerxía e lus de novo, se logramos metelas na turbina dun goberno propio. Quixo o ceo –di Murguía– para tentala nosa fe, que iste país, o primeiro que no século pasado sintiu a



necesidade de recuperar a súa autonomía (que tivo inda con restrincións ata ano mil oitocentos vinte) procamándoa do xeito ostensíbel, seña hoxe o derradeiro que no movemento das nacións negadas que recraman seus dereitos ben a afirmar de novo a súa persoalidade.

Xa rematou o meu ensaio, probe máis quizaves suxeridor... E agora chanto iste ramallo no cumeo de tan cativo edificio lembrando un costume dos canteiros galegos. O xornalismo profesional é o menos académico que pode concebírese. O xornalismo é a auga que corre, deitando das fontelas virxes, como dixo Carlyle, e o academicismo a auga, que durme nos estanques de mármore dos pazos, fecundando raíces do pretérito. En todo bon académico latexa a saudade do clásico que é maturidade de regras e preceptos. Quietude serea con gracia de estatua grega. E o xornalismo, contrariamente é espontaneidade súpeta con xeito de rillote traveso, espresionismo impresionista, que camiñando nun tren polos carrís do cotiano bótalles man as ramas das árbores do camiño añorante de tódolos camiños e olla con fonda curiosidade a procesión das paisaxes, saudoso de atallos e outeiros. Para o xornalista a intuición trunfa da erudición. Sobre o marxe da area do cotiano escribe a glosa dos feitos que andan a xurdirren, inda a sabendas de que non voltarán ser máis nunca, inda a sabendas do efímero do deleznábel de canto se escribe na area. Para o xornalista –de acordo con Shiller– todo o que pasa é belo.

Pois o feito de ser profesional do xornalismo disculpará ante vós iste discurso tan pouco académico, máis vital que erudito, no que se poñen imaxes do pasado en harmonía cos anxeios do presente. Visións do instante actual en lúas de espellos anteragos, nas que latexa a ialma inmortal dunha raza de finisterre, que canta o poema cosmogónico da lembranza e a espranza, a melga sinfonía dos seus verdes esternos namorados da brétema, onde nacen alalás e aturuxos que acompañan a xurdia orquesta de ondas atlánticas e cantábricas no proskenio das praias, mentras as longas terras do millo, do centeo, do trigo, bailan a muiñeira dos orixes, saudosos de se trocaren en pan e os pinos, sochantres do tempo da natureza, rumiñan ante os misales de pedra do facistol románico dos montes a salmodia do porvir que abenzoa a branca hostia da lúa con que conxungaron os druídas baixo palios de carballos e castiñeiros. ¡Prisciliano abre Galiza!

A “CIVILIZACIÓN”


Veñen os nazionalistas galegos pidindo dende fai tempo que se impoña o voto segredo na mesma forma que dispón a lei electoral da República Arxentina. Pois teñen a seguranza de que, co voto segredo e obrigatorio, e máis si o sistema proporcional imprántase, coma eles e os socialistas e moitos republicáns desexan, o caciquismo en Galicia non resistiría dúas eleucións en pé.

Denantes que un problema de cultura, o da cidadanía, é problema de ambiente e de organización. Coñecemos obreiros analfabetos ou coasi analfabetos que son millores cidadanos que moitos catedráticos e señores de posición folgada no senso económico. A Cruña obreira, verbigracia, resulta máis *cívica* que o Santiago douto, ou que os señoritos das vilas e grandes urbes. E hai, endebén, labregos pertencentes a sociedades agrarias, máis *civilizados* –enxérgase o senso etimolóxico da verba que os señores doutores urbanos e cabaleiros de xuntanzas aristocráticas.

Pódese afirmar, emporiso, que ó redore da importancia da escola hai un verdadeiro *fetichismo*. Inda cheas de escolas as nosas aldeias, inda sabendo ler, escribiren e contaren tódolos aldeáns, si a organización política se non troca e o ambiente espritoal se non trasforma, os homes *letrados* seguirán ó marxe da cidadanía, coma siguen os bachilleres e licenciados das vilas. A escola, neste xeito, poderá resultare útil e ó longo sen dúbida; máis apañados estaremos se agardamos que dea froitos no orde civil, o de maor intrés pra vida social, como convén.


Tódolos galegos, máis os espallados polas Américas sobre todo, han telo moi presente. Deben fixarse en que, conforme dixo Renán no seu libro “O Porvir da Cencia”, un ferrocarril ou unha vía de comunicación calquera fai máis polo progreso dun pobo que moitos libros e escolas. Proba crara, a nosa Galiza: A provincia de Lugo, a de menos comunicacións, é a máis morta e resina, a que sobre mansa e tristeiramente tódolos cacicatos. A provincia de Pontevedra, a de maior número de comunicacións é a máis rebelde, a que vai camiño de emanciparse denantes que ningunha. Loita a cotío, loita arreo contra do cacique máximo, o virrei Riestra. E ficará redimida moi axiña polo esforzo de seu, rexo.

E útil e simpático o labor dos galegos das Américas fundando escolas na Galiza. Mais ¿iste labore se non facería de xeito máis trascendente froitífero e exemprare, non deixando en paz os Gobernos pra obrígalos a que construíran



eles as escolas, como é de obriga e de xustiza? Se non conqueriría máis fomentando os emigrados unhas serias orgaizaciós político sociaes coa base do seu esforzo moral i económico e o dos seus deudos residentes na rexión, que tivera por ouxeto aguilloar sin trégoas ó Estado pra que construíse escolas, camiños veciñás, carreteras e ferrocarrís? A sementeira da cibdadanía é o esencial. E as escolas soio ó longo haberán de iniciala. E si a elo agardamos. Galiza ficará ó marxe do progreso moral pra sempre. Cando Galiza polo infruxo das escolas acerte a erguerse, quizáis xa non o sufraxo universal senón o mesmo bolchevismo seian compretas antiguallas. Inda máis, canto que en algunhas delegaciós que para o fomento da instrucción teñen os bós galegos de América, na Galiza, sen culpa deles, figuran señores moi amigos do ensino, pero máis amigos dos caciques e de que a cibdadanía non trunfe prácticamente. E hai tamén escolas desas, creadas de boa fe, que resultan perigosas e fataes, porque son focos de *desgaleguización* onde se inculca nos nenos o deseio de emigraren, en troque de imporlles o amore fecundo e santo a todo o noso.

Resposta do excelentísimo señor don
Ramón Otero Pedrayo



Señores académicos:

Chego ista serán cabo de vos cunha legría poucas veces sentida por min en aitos literarios. E perdoade que inicie meu discurso de iste xeito. Miña legría vai acareada ca forma mais espritoal de egoísmo: a lediza de dialogar con Antón Vilar Ponte, grande e vello amigo, mais que amigo irmán nas luitas e degares da galegitude, nil paixón senlleira e obra xentil de arte e de intelixenza, en min paixón de discípulo entusiasta no vieiro trazado polos mestres da estirpe de Vilar. Outras dúas circunstancias confruen ista noite na solenidade académica, faguedo medrar a forza da lediza que eu sinto: preside a sesión a xurdia figura, venerábele e lanzal de un home polo tempo e mais polos merecimentos símbolo volvente de ser da Galiza arelada. Chama en nós a lembranza inmorrente de o prelado que soio nos tempos modernos poido ocupar con honra e galegitude a cadeira de San Pedro Mezonzo, Gelmírez e Fonseca. Dúas maneiras inesquencentes da Galiza abenzoan a entrada de Vilar Ponte na Academia: grandeza e fermosura da Galiza litúrxica de coral monástico, campesío e compostelán na benzón de arcebispo de yalma de poeta e concenza ergueita do posto da Nosa Terra na Ecumenidade Católica; grandeza e fermosura da Galiza civil das santas rebeldías na aberta petrucia de bardo de atrántico acento e mátria emoción por a Galiza dixo sua verba de redenzón na fradernidade dos pobos arelantes de Liberdade. Entramas presenzas de fonda relixiosidade, ¿cómo sentilas de outro xeito? debíanme acoller niste intre a Anton Vilar Ponte. Eu non son merecente e cecais debера calar nun silencio respetoso. Mais aproveito unha invitación garimosa pra falar do irmán querido e do mestre admirado.

Quixera faguelo lonxe de calquer medida ou norma de arte, como falo de Vilar no café ou no camiño con outros amigos. Verbas desfiadas e non medidas. As que levan en sí o quente da sinceridade.

Non vou a caír debruzado no tóxico de decir: todos o concedes; non vou dicir nada novo, do que dende fai tempo – dende os primeiros artigos tremerosos da albaradeira onda adolescente– ten na Academia Galega seu posto de honra. Eu teño o orgullo –e pregariavos que o derrubádes con fortes argumentos se non for lexítimo– de ter descuberto no carater de Antón Vilar algo esenzal por ningún aduviñado, cecáis por se amostrar escurecido diante outras características do seu espírito. Mírase en Vilar Ponte ao home de cibdade que precisa da lus e do balbordo das urbes, do contraste e da luita, do café, da rua e da redaición pra botar arriscadas e certas sendas nas capas peláxicas da sociedade. A sona ben merecida da arte oiservadoira de Vilar, seus trunfos de xornalista e fino vixía senlleiro de hourizontes, figuran autorizare a opinión devandita xusta, mais non ao meu pensar esgotadora do seu xenio. Eu miro en Vilar a door non confesada de un grande illado. Un solitario botado pola vida e polo deber a ribeiras lonxanas da sua soedade. Máximo engaiolado no silencio cósmico da campía galega, cos ollos pousados nas lonxanías de hourizontes, abranguendo con espírito ao tempo analista esintetizador, o misterio da Galiza oceánica. Ao igual de Pastor Díaz, fillo das ribeiras eistremecidas polo largo canto das ondas, cecais os intres de malenconía afondados na vivente conversa de Vilar, seus silenzos, mais elocoentes as veces que as palabras, vivan ispirados por presenza chea de degaros do mundo que houber desexado seu espírito. Eu penso que Vilar é hoxe entre os esquirtos galegos o soilo dono de arte de escribire a novela dos nosos mariñeiros. Millor o ciclo unanimista de novelas por onde correse dende suas fontes mais arredadas a ispirazón oceánica da nosa Raza, nas vidas sinxelas, na luita cotián, nos intres heroicos, na saudade infinda e salvadora. Aínda Vilar pode ser cibdadán de iste mundo que eu sospeito agarda ser por il artísticamente interpretado e dende eiquí fágolle meu pego en nome do seu amor a Galiza.


Pra comprir miña obriga ista noite debo lembrar a obra de Vilar Ponte. Y agora aquila lediza que presidia meu discurso trócase en dúbida ao xurdir en min a pregunta inquedante: ¿é lexítimo dibuxar a historia de unha obra como a de Vilar, no intre camiñando a madurez chea, deica toupar de xenerosas esenzas mozas? Igoal pregunta houbérame inquedado fai moitos anos cando Vilar cos seus primeiros traballos adiquiría o prestixio de un mestre do pensamento e da eispresión. O mañán chama acotío ao espírito de Vilar e todo seu pensamento tende a se comprir nun futuro ditosamente conquerido pola xuntanza de duas calidás poucas veces acareadas nun home: forza senlleira do pensamento especulativo, graza pra apreixar os levians matices do día e da hora. Froito da primeira as páxinas i ensaios feitos *sub specie aeternitatis* grave froito madurecido

ao sol da especulación artística trascendente ao momento histórico. A segunda calidade viste cada mañán a obra de Vilar cas froles doces ou acedas, saudosas ou irónicas, do comentario xornaleiro.

Toda a función de Vilar xornalista poderíase sintetizarse nesta afirmación: sen a laboura de Vilar se non comprende o Rexurdimento da dinidade civil e da galegitude nos derradeiros vinte anos. E ninguén sería insensato de abondo pra discutila.

Son arredor de dez milleiros de artigos dende os da nenez –dazaseis anos–, toda a vida por diante no semanario vivariense “Nueva Brisa” hastra o de hoxe no “Pueblo Gallego”. Entre eles o dinamismo fecundo, a luita de todos os días por Galiza e por a Libertade. Endexamáis dúbida, nin folgo, nin desespranza. Sempe as chamas ardendo no altar da concenza medrando de intensidade diante os sinos contrarios, non amolecidas na vitoria, ispirando acentos de piedade, berros xusticieiros, ironías acedas, como si cada mañán soaran como crarín de guerra na sua concencia de artista e de cidadán as primeiras tríadas do “Divino Sainete”. Entre todos os Precusores é Curros o xenio mais afin ao de Vilar Ponte. Como il desterrado da soedade, como il queimado por o sentimento tráxico da xusticia que entramos forxa a verba firente e a vos consoadora. Procurade nos derradeiros vintecinco anos calquer virtude aldraxada e toda inxustiza trunfante, e atoparédelas na obra xornalística de Vilar, asaieteada ou grorificada en nome de Galiza e de Moral. E nesta esculca que algún día será o millor tídoo da inmortalidade do noso amigo non atoparedes endexamáis inxuria nin venganza. O home Vilar perdoa a todos. A concenza moral encarnada na penna de Vilar non pode transixir nin ca soma da inxustiza.

Maxinemos un pouco lonxe de calquer intenzon biográfica, nalgunhas épocas do vivir de Anton Vilar. No recanto saudoso de Viveiro cando aínda neno miraba a triste sorte da Galiza aldraxada e da dinidade humán descoñecida ou a soma das xigantes arquitecturas de Compostela carregadas da infinda vibración de un pasado podente en contraste ca indinidade da aparente morte do esprito galego nos anos mozos do estudante Vilar. Despoixa a sedante vida de Foz na farmacia, tertulia lieraria e centro de inxenio da leda vila mariñán sempre alboradeira de velas pescantinas ou a luita ardente na area política e xornalística da Illa de Cuba. O adolescente traballaba no “Progreso” de Lerroux, no “Moetin” de Nakens, na “Revista Blanca” de Urales nomes evocadores de un tempo de luita xenerosa, tempo de grandes e sinceiros xornalistas. En Cuba a posición de Vilar foi a do inxenio latino e galego, rexo paladín do esprito contra os perigos que ameazaban unha sociedade apaixonada e inexperta i en pirmeiro



termo o defensor do nome e do prestixio de Galiza no “Diario Español” e no “Comercio” de Camagüey e no “Diario de la Marina” de ilustre lembranza galega. Enton na sua xeira trasatlántica Vilar defendendo a xustiza ca penna non esdeñou amparala ca espada e viuse en trances que proban o puro metal do seu caraiter. Trouxo na saudade espertadora de unha nova visión da Terra Nai a esperanza de outra vida na idade en que outros apenas comezan a sospeitar a da sua vila nativa.

Atopámolo logo na Cruña, no ditoso fogar presidido pola dona cuia lembranza será sempre consello e consolo pra Vilar. Eiquí, como director do “No-roeste” como colaborador da “Voz de Galicia”, de “Galicia” de Vigo, do “Pueblo Gallego” de tantos xornaes de América, Cataluña, Portugal, Galiza e Madrid, nono imos a seguire. Poderían faguerse moitos volumes de Política, Ensaio, Crítica e Literatura co traballo de Vilar espallado ao largo de tantos anos sen cair endexamáis na vulgaridade nin na copia de sí mesmo, entramos perigos do xornalismo. E débese notar como a colaboración de Vilar colle a folla diarea dende Cataluña hastra América en todo intre animada por a paixón de xustiza e galeguidade.


Pois o ideal da nova Galiza non foi somentes –non é en Vilar degaro romántico nin regosto erudito ou artístico con ser noso amigo o senlleiro e requintado intelectual que todos amamos. Il sentindo á Galiza como vivo probrema fixo descer a realidade os ensoños dos poetas e cecais millor que por eles foi guiado por o esprito calado e vivente do pobo onde sempre durmiu o futuro da Terra en agarda da palabra que o conducera á redención. E poucos como Vilar souperon dicir a verba agardada con tanta enerxía e poderoso ecoar na concenza dos púbricos. Por Galiza, por a Galeguidade foi i é Vilar un político, e tratándose dil e dun galeguista, non hai precisión de destacar que a sua tiña de ser a política conforme ao rededor e puro significado da palabra e sua fidalga ascendenza. Por isa a má política –millor picaresca, enraizada na Galiza como a grama na viña– non tivo nemigo mais formidábel que Vilar. E veredes cada mañán como o xornal madruga ca vos pura do noso amigo batendo un a un os noxentos bastions da fortaleza cuia soma éche de vergonza os ceibes agros e vilas da nosa Patria. Como intre senlleiro da nova política señalemos cun plaudir afervoado a idea e fundación das “Irmandades da Fala” o feito cecais esenzal do rexurdimiento, primeira falanxe dos “bos e xenerosos”, de tal virtude ispirada que aínda os treidores ao seu ideal non poden lembrala sen esprimir o dente do remordemento.

Moito fixo polo argumento da líncoa galega nos tempos do aldraxe; moito fixo cando nacía no hourizonte a República que il fixo que viñera ispirada nos anxeios galegos. Eu lembro moitas horas e conversas decorridas na compañía de Antón Vilar. Entre elas amos particularmentes as longas horas de esperanza, de dúbida e desespranza das Cortes Constituintes cando, con Castelao e Picallo, representábamnos o ser inmorrente de unha Galiza que gracias a nós saíu polo menos de aquila proba sen mágoa i ergueita senón trunfante.

Falábamnos do pensamento de Vilar madurecido en tres xéneros de obras concordes na intención: teatro, novela, ensaio. Vilar sabe a técnica teatral eu penso que intuitivamente. Compón en artística feitura o decorrer do tempo humano no diálogo e na escea e nos persoaxes do “Tríptico”, ou dos ensaios dramáticos non se mira o fantoche manexado polo fío dos profesionales sinón a incoscenza ou a ilusión dos homes coíndose donos de dirixir ou por o menos eispricar seu sino sen se decatarse da presenza de outras realidás podentes e misteriosas, cuio artellamento co destino individual é o verdadeiro acento dramático. Lembra “Almas mortas” e “Entre dous abismos”, e “O Mariscal” onde, conxugado o xenio lírico e elexíaco de Cabanillas ca visión dramática ca de Vilar, diron ao nacente teatro galego a ergueita dinidade de unha obra de indiscutible beleza e inmorrente emoción.

Mais non son conforme ca arela mañifestada nos primeiros párrafos. Faguer estudo das predeicións vilarpontianas paréceme impiedoso. O que compre é espallalas pois aínda manda moito a priguiza na Galiza e o falseiro espírito de imitancia tolle o efecto rexenerador do nosos esquireiros representativos. Millor que as obras coñecidas eu sinto a lediza das que aínda ten de faguer Vilar. Camiños pra il gardados no teatro e na novela serán –nono dubidedes– aixiña vieiros pra o traballo da madurez de Vilar pois dono da esperanza e da teinica, de estilo e do fito e forte a confianza na arela, coído que hoxe está no intre do vivir criador, como proba ise libro agardado nos circos inteleitoás con anxeio crecedeiro, “Os Evanxeos da risa absoluta”, onde un tipo novo de arte afirmase na nosa prosa galega e pra todos lediza, en Vilar é preludio de un novo xeito insospitado de aitividade.

Acabamos de escuitar seu discurso. Non vou a gabalo. Era asina como pensábamnos escoitar a verba de Vilar, e sen dúbida foi pensado i escrito ca intención de ofrecere aos ouventes ista noite algo como o esquema da sua conceición da Galiza. Na severa e vivente prosa galega os intres millores da nosa historia decorren animados por o degaro inmorrente, e nin as somas saudosas ou tráxicas deixan un instante de seren viventes e coordinadas co tema fondo i eviterno



que semella ser o eixe esenzal da aparición da Galiza na historia. Liberal e cosmopolita cando foi galega, igual nos tempos da primeira luzada da concenza dos seus destiños cando as variadas e armoñosas ponlas do albre céltigo brandeábanse ao son dos mesmos ventos, como aos ser ela, a Nosa Terra, o derradeiro recanto da Iberia onde latexa o impedo sagro da Liberdade. Liberdade eran e siñificaban os camiños de Sant-Yago conxugado baixo un signo de pas a tódalas xentes e todas as línguas nas gabanzas das virtús cristiáns dos séculos criadores. Liberdade a frol de poesía no son dos canzoeiros e o sorrir da pedra dende antigo calada nas facianas das estatuas de Mateo como Liberdade a loita galega contra os Trastamaras cuios dous aitos de difrente intensidade gardan o mesmo tema histórico. No conxunto das terras da Iberia a Galiza como mañificamente demostra o discurso de Vilar ten sido liberal e cecais a razón lonxana e presente sexa aquila mesma que concede a Nosa Terra noutros ordes a sua senlleira fisiognomia espirtual: o terse mantido ceibe da infroenza do sul, árabe, moura, mozárabe, que entrubiando con cegos lixos de fadalidade ourental trocou o ser das terras ibéricas. Eiquí penso eu que repousa a nosa verdadeira grandeza. Europeos de cheo sen misturanza das razas e dos xenios do sul pra os que equivocan cencia con maxia, liberdade con licenza, filosofía con sofística e relixión con idolatría, os galegos temos de ser liberaes, pois no cerne da nosa estirpe é tradizon a liberdade e allea importación calquera forma ou figura de servidume. Lei de liberdade que podemos comprobar incruso en esfeiras que semellan eistranas a istes conceptos. Miremos por eixemplo como o retoricismo e o academismo non inzan no noso eido. Como o millor acento romántico da montana poética de España soúu nos beizos de un galego. Como baixo os rubros diversos de románico, barroco e romántico xúntanse estilos de pensamento i eispresión, e nos que a regoa non é tiranía nin o mestre scholarca severo. Como os fillos da Galiza aínda obrigados por as circunstancias mais nemigas, servos do suco ou botados lonxe pola emigrazón saben ser ceibes pola virtude do traballo esgrevio redendor de calquer forma de servidume.

E non quero ni por un momento mais tollervos a lediza que as verbas de Vilar deixaron en vos nin lixar cas miñas as esgrevias falas do fermoso canto, do longo canto de meu irmán Antón Vilar Ponte a quen dende eiquí estreito nos brazos pedíndolle por o ben da Galiza que seña, como decotío, cada mañán no xornal o Faro seituador de tebras cada sazon o autor dos grandes libros que leva no esprito pensados e ordeados.

Índice

LIMAR DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON SEBASTIÁN MARTÍNEZ RISCO	7
DISCURSO DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON ANTÓN VILLAR PONTE	13
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN OTERO PEDRAYO	45

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@realacademiagalega.org

www.realacademiagalega.org



REAL ACADEMIA GALEGA

